En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos das entidades e asociacións solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social (XIESS). A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión das axudas obxecto destas Bases, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións. Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan ás entidades solicitantes e no exercicio lexitimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org)

**ANEXO V**  
**MODELO DE ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

*Subvencións a ONGD para a realización de proxectos de cooperación internacional 2023.*  
*Concello de Vigo (Política de Benestar Social)*

D/D<sup>a</sup> ....., con DNI núm. ...., en calidade de ..... da entidade ....., con NIF ....., beneficiaria dunha subvención ó abeiro da convocatoria de subvencións para proxectos de cooperación internacional ó desenvolvemento 2023. Concello de Vigo (Política de Benestar Social), mediante este escrito formula DECLARACIÓN DE ACEPTACIÓN da subvención concedida á entidade que representa.

Asdo: (O/A RPTE. LEGAL DA ENTIDADE)

En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos das entidades e asociacións solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social (XIESS). A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión das axudas obxecto destas Bases, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións. Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan ás entidades solicitantes e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade a sí como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org)



**Concello de Vigo**

**ANEXO VI  
REFORMULACIÓN DA SOLICITUDE  
MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE**

*Subvencións a ONGD para a realización de proxectos de cooperación internacional 2023.  
Concello de Vigo (Política de Benestar Social)*

D/D<sup>a</sup> ....., con DNI núm. ...., en calidade de ..... da entidade ....., con NIF ....., MANIFESTO:

1º.- Que en data ..... presentou unha solicitude de subvención ó Concello de Vigo, ó abeiro da convocatoria de Subvencións a ONGD para a realización de proxectos de cooperación internacional 2023. por importe de ..... € para a realización do programa / proxecto denominado .....

2º.- Que á vista da subvención proposta polo Concello de Vigo e dado que a cantidade non coincide co total da contía solicitada,

**DECLARO QUE A ENTIDAD QUE REPRESENTO:**

1º.-  SÍ ACEPTA /  NON ACEPTA a proposta de subvención por valor de ..... €

2º.- O custo total do proxecto reformulado ascende, por tanto, a ..... €

3º.- A entidade á que represento contribúe con .....€ ó financiamento do custo total do proxecto.

4º.- Outras entidades contribúen con ..... € ó financiamento do proxecto.

5º.- Unha vez executado o proxecto, xustificará o cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención pola contía sinalada no custo total do proxecto.

**Asdo: (O/A RPTE. LEGAL DA ENTIDADE)**

En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos das entidades e asociacións solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social (XIESS). A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión das axudas obxecto destas Bases, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións. Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan ás entidades solicitantes e no exercicio lexitimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org)

S.ord. 09/02/2023

SUBVENCIONES A ORGANIZACIONES NON GUBERNAMENTAIS DE  
DESENVOLVEMENTO (ONGD) PARA A REALIZACION DE PROXECTOS DE  
COOPERACION INTERNACIONAL. CONVOCATORIA DE 2023. CONCELLO DE  
VIGO (POLITICA DE BENESTAR SOCIAL)».

## **CONVOCATORIA**

---

### **Bases reguladoras.**

As Bases reguladoras do Programa de SUBVENCIONES A ORGANIZACIONES NON GUBERNAMENTAIS DE DESENVOLVEMENTO (ONGD) PARA A REALIZACION DE PROXECTOS DE COOPERACION INTERNACIONAL. CONVOCATORIA DE 2023. CONCELLO DE VIGO (POLITICA DE BENESTAR SOCIAL)», aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº ..... do .....

### **Crédito orzamentario.**

A convocatoria estará dotada cun orzamento total de 60.000 € e o gasto poderá financiarse con cargo á aplicación nº 2310.480.00.09 dos orzamentos municipais (“*Convocatoria subvencions Cooperación*”).

### **Obxecto, finalidade e destinatarios.**

As Bases aprobadas teñen por obxecto regular a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencions a Organizacións Non Gubernamentais de Desenvolvemento (ONGD) para a realización de proxectos de cooperación internacional en países menos desenvolvidos que contribúan a acadar os obxectivos de desenvolvemento sostenible.

### **Réxime de concesión.**

A concesión destas subvencions realizarase en réxime de concorrencia competitiva, de acordo cos principios de publicidade e obxectividade e conforme cos criterios e o procedemento establecidos nas Bases.

### **Requisitos.**

Poderán solicitar estas subvencions as ONGD que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Estar legalmente constituídas e inscritas no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento ou ter solicitado dita inscrición na data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes.
- b) Carecer de ánimo de lucro e non depender económica ou institucionalmente de entidades lucrativas.





## Concello de Vigo

- c) Ter entre os seus fins institucionais expresos, segundo os seus propios estatutos, a realización de actividades relacionadas coa cooperación ó desenvolvemento e o fomento da solidariedade entre os pobos, cooperación social ou actividades semellantes.
- d) Dispor da estrutura necesaria para garantir o cumprimento dos seus obxectivos, acreditando unha experiencia mínima demostrable de tres (3) anos realizando proxectos coa conseguinte capacidade operativa para isto.
- e) Estar ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), Concello de Vigo e coa Seguridade Social.
- f) Non estar incurso en prohibición ningunha para obter a condición de beneficiaria de subvencións, de conformidade cos artigos 10 da LSG e 13 da LXS.
- g) Presentar un proxecto que sexa tecnicamente viable.
- h) Identificar ás contrapartes ou socios locais que participen responsablemente na execución material do proxecto e na xestión dos recursos, constando expresamente o seu compromiso no proxecto con convenio ou carta de compromiso.

### **Instrución e resolución: órganos competentes.**

O Departamento de Benestar Social do Concello de Vigo será o encargado da instrución do procedemento de concesión das subvencións. A avaliación das solicitudes e proxectos presentados realizarase por unha «Comisión de Avaliación de Actividades de Desenvolvemento». A Xunta de Goberno Local, por proposta do órgano instructor do procedemento, acordará a aprobación definitiva das axudas con cargo á aplicación orzamentaria indicada.

### **Presentación de solicitudes e prazo.**

As entidades interesadas poderán presentar as súas solicitudes de subvención, en modelo normalizado (ANEXO I), no Rexistro electrónico deste Concello ou nos demais lugares indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro (LPACAP).

O prazo de presentación de solicitudes será dun (1) mes desde a publicación oficial do extracto da convocatoria, na forma e nos termos previstos na LXS (Arts. 17.3.b], 18 e 20.8.a]) en relación coa Base de Datos Nacional de Subvencións - BDNS (Resolucións IGAE do 7, 9 e 10 de decembro de 2015). Así mesmo publicarase no taboleiro de anuncios e editos do Concello e na páxina web [www.vigo.org](http://www.vigo.org) debendo inserirse no “Portal de Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo <http://transparencia.vigo.org>.

A solicitude deberá vir acompañada da documentación que se relaciona nas Bases. Deberá estar plenamente actualizada e redactada en calquera dos idiomas oficiais de Galicia. Se a documentación correspondente á contraparte local figurase nun idioma distinto deberá achegarse a súa tradución.

### **Prazo de resolución e notificación.**

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de tres meses, contado desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes. O vencemento do prazo máximo sen terse notificada a resolución lexítima ós interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da axuda.

### **Recursos.**

Contra as Bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o mesmo órgano que as ditou no prazo dun mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses. Os prazos contaránse a partir do día seguinte ó das respectivas publicacións oficiais.

### **Criterios de valoración e contía das axudas.**

- a) Experiencia da ONG ou asociación solicitante e da contraparte (de 0 a 18 Ptos.):
- Número de proxectos realizados pola ONGD solicitante: de dous a catro proxectos nos últimos tres anos, 2 puntos. Cinco ou máis proxectos nos últimos tres anos, 4 puntos.
  - Experiencia na zona/país da ONGD solicitante. Presencia acreditada no país, con proxectos nos últimos tres anos, 4 puntos.
  - Experiencia de traballo conxunto entre a ONGD e a contraparte, concretada en proxectos, actividades, campañas, etc.: ata dous anos de experiencia previa coa contraparte, 1 punto; dous anos de experiencia, 2 puntos; tres ou máis anos, 4 puntos.
  - Experiencia no sector de actuación da ONGD solicitante e da contraparte. Tres ou máis proxectos no sector de actuación (tanto da ONGD solicitante como da contraparte) nos últimos tres anos, 2 puntos. Cinco ou máis proxectos no sector de actuación (entre as dúas, a ONG solicitante e a contraparte) nos últimos tres anos, 4 puntos.
  - Ter sede, domicilio social ou delegación permanente na Comunidade Autónoma de Galicia, e compromiso de mantela aberta durante alomenos un (1) ano despois da finalización do proxecto. A estes efectos, entenderase por delegación permanente aquela que conte con persoal permanente de organización, xa sexa contratado ou voluntario e local fixo para a realización de actividades e/ou aquelas que acrediten a realización de actividades en Galicia, 2 ptos.
- b) Número de persoas beneficiarias do proxecto (de 0 a 6 Ptos.):
- De 10 a 20 persoas, 2 puntos.
  - De 21 a 40 persoas: 4 puntos.
  - Máis de 41 persoas: 6 puntos.
- c) Grao de adecuación do proxecto ás prioridades sinaladas na Base 2ª, apdos. a), b) e c) (de 0 a 25 Ptos.):



## Concello de Vigo

- Proxectos a desenvolver nos países considerados xeograficamente estratéxicos no Plan Director de Cooperación Galega (África: Cabo Verde, Mozambique e Guinea Bissau; América do Sur: Bolivia, Ecuador, Perú; América Central: El Salvador, Guatemala, Honduras, Nicaragua; Caribe: República Dominicana), nos considerados países menos adiantados (PMA) ou cun Índice de Desenvolvemento Humano (IDH) baixo, naqueles onde a cooperación galega ten xerado capacidades na atención a poboacións refuxiadas e desprazadas e países afectados por conflitos ou crises humanitarias como son a poboación saharai, territorios palestinos, Haití ou outros cuxo contexto xustifique a intervención ou naqueles países nos que a cooperación galega, e particularmente as entidades beneficiarias, teñan demostrada ampla experiencia de traballo, como poden ser India ou os países lusófonos, 13 puntos.
- Proxectos dirixidos á mellora dos ámbitos estratéxicos do Plan Director da Cooperación Galega, 8,50 puntos.
- Incorporación das liñas transversais recollidas na Base 2ª, apdo. c), Ata 3,5 puntos (0,5 puntos por cada liña).

### d) Contribución ó desenvolvemento integral (de 0 a 6 Ptos.):

- Que formen parte dun programa de desenvolvemento máis amplo. Valorarase moi especialmente a inserción do proxecto nas estratexias públicas de desenvolvemento do país beneficiario, 4 puntos.
- Apoio ó proxecto por institucións ou Administracións públicas, 2 puntos.

### e) Garantías de viabilidade, coherencia interna e sostibilidade do proxecto (de 0 a 35 Ptos.):

- Información e coherencia entre obxectivos, actividades e resultados do proxecto, 7 puntos.
- Claridade de obxectivos e da metodoloxía proposta para acadalos, 7 puntos.
- Rigoroso detalle orzamentario e coherencia del cos obxectivos do proxecto, 7 puntos.
- Inclusión de indicadores precisos e realistas que sirvan para facer o seguimento e avaliación do proxecto, 7 puntos.
- Que o proxecto conte con accións que fomenten a sostibilidade unha vez executado o mesmo, 7 puntos.

### f) Poboación destinataria (de 0 a 10 Ptos.):

- Poboación beneficiaria claramente definida (identificada, cuantificada e caracterizada), 2 puntos.
- Criterios para a selección dos destinatarios, 2 puntos.
- Grao de participación nas fases do proxecto, 2 puntos.
- Inclusión dos seguintes colectivos vulnerables: infancia, muller, comunidades indíxenas e persoas refuxiadas, ata 4 puntos (1 punto por cada colectivo).

O Concello de Vigo asumirá, como máximo, o 95% do custo total do proxecto, que deberá ser complementado coa achega do 5% restante, como mínimo. Esta achega pode facerse desde a entidade solicitante, o parceiro local e/ou a poboación beneficiaria, entidades privadas ou outras Administracións públicas. As subvencións concedidas serán dun importe máximo de 15.000 € por cada proxecto subvencionado e admítase a reformulación de solicitudes cando o importe da subvención proposta sexa inferior ó que figura na solicitude presentada.

### **Publicidade.**

Unha vez resolto o procedemento, publicarase na páxina web municipal e no taboleiro oficial de anuncios e editos do Concello a información relativa ás entidades beneficiarias, axudas concedidas ou denegadas e a súa contía. Ademais, o Concello deberá facilitar a información procedente á Base de Datos Nacional de Subvencións.

SUBVENCIONES A ORGANIZACIONES NO GUBERNAMENTALES DE DESARROLLO (ONGD) PARA LA REALIZACIÓN DE PROYECTOS DE COOPERACIÓN INTERNACIONAL. CONVOCATORIA DE 2023. AYUNTAMIENTO DE VIGO (POLÍTICA DE BIENESTAR SOCIAL).

### **EXTRACTO DE LA CONVOCATORIA**

---

De conformidad con lo previsto en los Arts. 17.3.b) y 20.8.a) de la L.38/2003, de 17 de noviembre, general de subvenciones, se publica el EXTRACTO DE LA CONVOCATORIA del programa de subvenciones indicado. Su texto íntegro puede consultarse en la web de la BDNS.

### **Beneficiarios.**

Las Organizaciones No Gubernamentales de Desarrollo (ONGD) que cumplan los requisitos establecidos en las Bases.

### **Objeto y finalidad.**

Las subvenciones que se concedan con cargo a este Programa, en régimen de concurrencia competitiva, tienen por objeto la realización de proyectos de cooperación internacional en países menos desarrollados que contribuyan a conseguir los objetivos del desarrollo sostenible.

### **Bases reguladoras.**

Las Bases reguladoras, aprobadas por la Junta de Gobierno Local del Ayuntamiento de Vigo, fueron publicadas en el Boletín Oficial de la Provincia de Pontevedra nº ..... del .....

### **Crédito presupuestario.**

La convocatoria estará dotada con un presupuesto total de 60.000 € y el gasto podrá financiarse con cargo a la aplicación nº 2310.480.00.09 de los presupuestos municipales (“Convocatoria subvenciones Cooperación”).

### **Presentación de solicitudes y plazo.**

Las entidades interesadas podrán presentar sus solicitudes de subvención, en modelo normalizado (ANEXO I), en el Registro electrónico de este Ayuntamiento o en los demás lugares indicados en el artículo 16.4 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre (LPACAP).



## Concello de Vigo

El plazo de presentación será de un mes desde la publicación oficial del extracto de la convocatoria en la forma y en los términos previstos en la L.38/2003. Así mismo se publicará en el tablón de anuncios y edictos del Ayuntamiento y en la página web: [www.vigo.org](http://www.vigo.org) debiendo insertarse en el “Portal de Transparencia y Buen Gobierno” del Ayuntamiento de Vigo: <http://transparencia.vigo.org>.

La solicitud deberá venir acompañada de la documentación que se relaciona en las Bases.

### **Criterios de valoración y cuantía de las ayudas.**

a) Experiencia de la ONG o asociación solicitante y de la contraparte (de 0 a 18 Ptos.):

- Número de proyectos realizados por la ONGD solicitante: de dos a cuatro proyectos en los últimos tres años, 2 puntos. Cinco o más proyectos en los últimos tres años, 4 puntos.
- Experiencia en la zona/país de la ONGD solicitante. Presencia acreditada en el país, con proyectos en los últimos tres años, 4 puntos.
- Experiencia de trabajo conjunto entre la ONGD y la contraparte, concretada en proyectos, actividades, campañas, etc.: hasta dos años de experiencia previa con la contraparte, 1 punto; dos años de experiencia, 2 puntos; tres o más años, 4 puntos.
- Experiencia en el sector de actuación de la ONGD solicitante y de la contraparte. Tres o más proyectos en el sector de actuación (tanto de la ONGD solicitante como de la contraparte) en los últimos tres años, 2 puntos. Cinco o más proyectos en el sector de actuación (entre las dos, la ONG solicitante y la contraparte) en los últimos tres años, 4 puntos.
- Tener sede, domicilio social o delegación permanente en la Comunidad Autónoma de Galicia, y compromiso de mantenerla abierta durante al menos un (1) año después de la finalización del proyecto. A estos efectos, se entenderá por delegación permanente aquella que cuente con personal permanente de organización, ya sea contratado o voluntario y local fijo para la realización de actividades y/o aquellas que acrediten la realización de actividades en Galicia, 2 ptos.

b) Número de personas beneficiarias del proyecto (de 0 a 6 Ptos.):

- De 10 a 20 personas, 2 puntos.
- De 21 a 40 personas: 4 puntos.
- Más de 41 personas: 6 puntos.

c) Grado de adecuación del proyecto a las prioridades señaladas en la Base 2ª, apdos. a), b) y c) (de 0 a 25 Ptos.):

- Proyectos a desarrollar en los países considerados geográficamente estratégicos en el Plan Director de Cooperación Gallega (África: Cabo Verde, Mozambique y Guinea Bissau; América del Sur: Bolivia, Ecuador, Perú; América Central: El Salvador, Guatemala, Honduras, Nicaragua; Caribe: República Dominicana), en los considerados países menos adelantados (PMA) o con un Índice de Desarrollo Humano (IDH) bajo, en aquellos donde la cooperación gallega ha generado capacidades en la atención a poblaciones refugiadas y desplazadas y países afectados por conflictos o crisis humanitarias como son la población saharauí,

territorios palestinos, Haití u otros cuyo contexto justifique la intervención o en aquellos países en los que la cooperación gallega, y particularmente las entidades beneficiarias, tengan demostrada amplia experiencia de trabajo, como pueden ser India o los países lusófonos, 13 puntos.

- Proyectos dirigidos a la mejora de los ámbitos estratégicos del Plan Director de la Cooperación Gallega, 8,50 puntos.
- Incorporación de las líneas transversales recogidas en la Base 2ª, apdo. c), hasta 3,5 puntos (0,5 puntos por cada línea).

d) Contribución al desarrollo integral (de 0 a 6 Ptos.):

- Que formen parte de un programa de desarrollo más amplio. Se valorará muy especialmente la inserción del proyecto en las estrategias públicas de desarrollo del país beneficiario, 4 puntos.
- Apoyo al proyecto por instituciones o Administraciones públicas, 2 puntos.

e) Garantías de viabilidad, coherencia interna y sostenibilidad del proyecto (de 0 a 35 Ptos.):

- Información y coherencia entre objetivos, actividades y resultados del proyecto, 7 puntos.
- Claridad de objetivos y de la metodología propuesta para conseguirlos, 7 puntos.
- Riguroso detalle presupuestario y coherencia con los objetivos del proyecto, 7 puntos.
- Inclusión de indicadores precisos y realistas que sirvan para hacer el seguimiento y evaluación del proyecto, 7 puntos.
- Que el proyecto cuente con acciones que fomenten la sostenibilidad una vez ejecutado el mismo, 7 puntos.

f) Población destinataria (de 0 a 10 Ptos.):

- Población beneficiaria claramente definida (identificada, cuantificada y caracterizada), 2 puntos.
- Criterios para la selección de los destinatarios, 2 puntos.
- Grado de participación en las fases del proyecto, 2 puntos.
- Inclusión de los siguientes colectivos vulnerables: infancia, mujer, comunidades indígenas y personas refugiadas, hasta 4 puntos (1 punto por cada colectivo).

El Ayuntamiento de Vigo asumirá, como máximo, el 95% del coste total del proyecto, que deberá ser complementado con la aportación del 5% restante, como mínimo. Esta aportación puede hacerse desde la entidad solicitante, el socio local y/o la población beneficiaria, entidades privadas u otras Administraciones públicas. Las subvenciones concedidas serán de un importe máximo de 15.000 € por cada proyecto subvencionado y se admite la reformulación de solicitudes cuando el importe de la subvención propuesta sea inferior al que figura en la solicitud presentada.

#### **4(69).-DECLARAR DESERTO O LOTE 2 DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO PROGRAMA DE AVELLENTAMENTO ACTIVO. EXPTE. 231895/301.**

Dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada en data 13/01/2023, que di o seguinte:



## Concello de Vigo

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos (DECLARACIÓN DESERTO LOTE 2)

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos do programa de avellentamento activo (231.895-301)

### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto para a contratación dos servizos do programa de avellentamento activo (231.895-301)

### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** Con data do 16 de decembro de 2022 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, dos servizos do programa de avellentamento activo (231.895-301).

**Segundo.-** A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 19 de decembro de 2022. Rematado o prazo de presentación, foron presentadas as seguintes proposicións:

1. AUTOCARES IGLESIAS, S.L. (lote 3)
2. AUTOMOVILES DE TUY, S.A. (lote 3)
3. AUTOS GONZALEZ, S.L. (lote 3)
4. EMPRESA VIUDA DE J. DOMINGUEZ, S.L. (lote 3)
5. FITCIONES (lote 1)
6. NASCOR FORMACIÓN, S.L.U. (lote 1)
7. OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS, S.L. (lote 1)
8. SERVIPLUSTOTAL, S.L. (lote 1)
9. AL ALBA EMPRESA DE SERVICIOS EDUCATIVOS, S.L. (lotes 1, 2 e 3)

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación, na sesión que tivo lugar o 5 de xaneiro de 2023, acordou conceder un prazo de tres días a AL ALBA EMPRESA DE SERVICIOS EDUCATIVOS, S.L. (lotes 1, 2 e 3) para que puidese emendar a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos así como admitir aos demais licitadores nos correspondentes lotes. Este acordo foi notificado a AL ALBA EMPRESA DE SERVICIOS EDUCATIVOS, S.L. o día 9 de xaneiro de 2023.

**Cuarto.-** Durante o prazo concedido, AL ALBA EMPRESA DE SERVICIOS EDUCATIVOS, S.L. non presentou documentación.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que o único licitador presentado no lote 2 non emendou a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos dentro do prazo concedido, cómpre declarar deserto este lote.

Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

*“Declarar deserto o lote 2 do aberto para a contratación dos servizos do programa de avellentamento activo (231.895-301) porque o único licitador presentado non emendou a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos dentro do prazo concedido”.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **5(70).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO ALUGAMENTO, NA MODALIDADE DE RENTING, DE ELEMENTOS DE TRANSPORTE SEN CONDUTOR PARA O DESPRAZAMENTO DE TRABALLADORES/AS DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO. EXPTE. 19874/77.**

Visto o informe xurídico do 30/01/2023 e o informe de fiscalización do 01/02/2023, dáse conta do informe-proposta de data 20/01/2023, asinado pola técnica de xestión, a xefa do servizo de Desenvolvemento local, a concelleira-delegada de Emprego e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

### **I.- ANTECEDENTES.**





## Concello de Vigo

**Primeiro.-** Mediante resolución do 30/12/2022, a Tenente de Alcalde e Concelleira delegada da Área de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego resolveu iniciar o expediente de contratación da subministración en réxime de arrendamento (renting) de vehículos sen condutor para o desprazamento das persoas traballadoras seleccionadas dentro do Plan Municipal de Emprego.

**Segundo.-** No expediente tramitado ao efecto consta a seguinte documentación:

- a) Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato e orde de inicio do contrato, asinados pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, e pola Tenente de Alcalde e Concelleira delegada da Área de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego de data 30/12/2022.
- b) Prego de prescricións técnicas particulares do contrato, asinado pola técnica de xestión en data e pola xefa do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego en data 30/12/2022.
- c) Declaración da redactora do prego técnico de prescricións técnicas particulares asinado pola técnica de xestión, e a xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, de data 30/12/2022.
- d) Memoria económica do contrato, de data 30 de decembro de 2022, asinada pola técnica de xestión, xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, Tenente de Alcalde e Concelleira delegada da Área de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego e o Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda.
- e) Documento contable de retención de crédito de 11/01/2023 (RC núm. Operación: 202300002322 e RCFUT núm. operación: 202300002322)
- f) Memoria xustificativa do contrato co desglose dos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, de data 11/01/2023, asinada pola técnica de xestión, a xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, e a Tenente de Alcalde e a Concelleira delegada da Área de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego.
- g) Informe do servizo de contratación, asinado pola Técnica de administración xeral e a xefa do servizo de Contratación, de data 19/01/2023.
- h) Prego de cláusulas administrativas particulares, de data 19 de xaneiro de 2023, asinado pola Técnica de administración xeral e pola xefa do servizo de Contratación.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.-** O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciarase polo Órgano de Contratación. No concello de Vigo esta competencia está delegada por Resolución da Alcaldía do 4 de setembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias en concelleiros e concelleiras de área do Concello de Vigo" modificada por Resolución de Alcaldía de 6 de setembro de 2022, e acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e nos demais delegados de competencias" e rectificación de erros

posteriores de datas 19 de novembro e 23 de decembro de 2020), modificado o 8 de setembro de 2022. A Tenente de Alcalde e Concelleira delegada da Área de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego, en resolución de 30/12/2022, autorizou o inicio deste expediente de contratación.

**Segundo.-** No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas redactado pola técnica de xestión do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e o prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola Técnica de administración xeral e a xefa do servizo de Contratación.

**Terceiro.-** O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto simplificado.

**Cuarto.-** No artigo 116.3 do LCSP establécese que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito, documento que se ten incorporado polo servizo de Intervención Xeral quen, ademais, fiscalizará previamente a aprobación do expediente.

**Quinto.-** A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda apartado 4º do LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral en virtude do disposto na Base 29.1 de Execución dos vixentes Orzamentos, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

1º Aprobar o expediente de contratación (19874-77) por procedemento aberto simplificado do ALUGUER, NA MODALIDADE DE RENTING, DE ELEMENTOS DE TRANSPORTE SEN CONDUTOR PARA O DESPRAZAMENTO DE TRABALLADORES/AS DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO.

2º. Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares, de 30 de decembro de 2022, e o prego de cláusulas administrativas particulares, de 19 de xaneiro de 2023, que rexerán a contratación do ALUGUER, NA MODALIDADE DE RENTING, DE ELEMENTOS DE TRANSPORTE SEN CONDUTOR PARA O DESPRAZAMENTO DE TRABALLADORES/AS DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO.

3º.- Aprobar o gasto de 67.760,00 euros, para a contratación do ALUGUER, NA MODALIDADE DE RENTING, DE ELEMENTOS DE TRANSPORTE SEN CONDUTOR PARA O DESPRAZAMENTO DE TRABALLADORES/AS DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO, con cargo á aplicación orzamentaria 2410 2040000 ALUGUER DE ELEMENTOS DE TRANSPORTE (P. EMPREGO), do orzamento do Concello de Vigo, distribuído do xeito seguinte:

- 33.880,00 € correspondentes ao ano 2023
- 33.880,00 € correspondentes ao ano 2024

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida.



**Concello de Vigo**

## **DECLARACIÓN DE AUSENCIA DE CONFLITO DE INTERESES**

As técnicas que subscriben declaran non estar incurso en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado por Resolución da Concellería-Delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal de data 3 de marzo de 2021, adoptada en execución do obxectivo 3.4.1 do plan operativo (Res. Concellería 17/12/2019), correspondente á liña estratéxica 3 do marco estratéxico (AXGL 12/12/2019) do Plan de Integridade na Contratación.

Asemade, A Tenente de Alcalde e Concelleira delegada da Área de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego, subscribe declaración de non estar incurso en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da concellería delegada de Xestión Municipal de data 24 de febreiro de 2021 e no Plan de Integridade na Contratación.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **6(71).- AUTORIZACIÓN DE PRÓRROGA TEMPORAL NA CESIÓN DA VIVENDA MUNICIPAL IDENTIFICADA NO REXISTRO DE ENTIDADES PRESTADORAS DE SERVIZOS SOCIAIS CO NÚMERO E-638-C-7. EXPTE. 11672/224.**

Dáse conta do informe-proposta de data 06/02/2023, asinado pola xefa do servizo de Igualdade, a asesora xurídica do servizo e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

Con data 4 de febreiro de 2009 a Xunta de Galicia, resolve conceder ao Concello de Vigo a autorización de inicio de actividades para tres vivendas de propiedade municipal co obxecto de poder destinalas ao acollemento temporal para mulleres vítimas de violencia de xénero, baixo a tipoloxía de “Vivendas tuteladas” ordenando a anotación destas autorizacións no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais cos seguintes números de identificación: E-638-C-6; E-638-C-7 e E-638-C-8.

En atención á demanda formulada e á situación descrita no proxecto de intervención emitido polo servizo municipal de atención á muller, a concellería de Igualdade valorou necesario que se aprobase a ocupación provisional da vivenda identificada con número E-638-C-7, co obxecto de que a usuaria identificada con NIE núm.:\*\*\*\*2234\* e dous menores, a ocupase por un período de seis meses, transcorridos os cales debería abandonar a vivenda, agás se xustificase a necesidade de prórroga polos servizos municipais de atención á muller. Acordo da Xunta de Goberno Local de data 11 de agosto de 2022.

Desde o día 18 de agosto de 2022 a dita unidade familiar permanece acollida temporalmente na vivenda de protección, cumprindo as normas de convivencia e os obxectivos pactados no proxecto de intervención.

O equipo multidisciplinar do CMIDM composto por unha avogada e unha traballadora social fai o seu seguimento xunto coa educadora familiar asignada. No informe de seguimento que emite este equipo municipal firmado na data 3 de febreiro de 2023 e a teor da situación social da beneficiaria, conclúese a importancia de prorrogar a súa estancia na vivenda de protección municipal, por un período non superior a un mes, mentres non se acaden os obxectivos previstos no proxecto de intervención.

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno que adopte o seguinte acordo:

“Autorizar unha prórroga na cesión temporal da vivenda municipal identificada no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais co número E-638-C-7 por un período máximo de un mes de duración a contar desde o día 18 de febreiro de 2023 atendendo ás circunstancias que obran no expediente 11672/224.”

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **7(72).-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO “PROGRAMA COEDUCATIVO DIRIXIDO A PROMOVER A CULTURA DA IGUALDADE E FOMENTAR A PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO NO ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL E DE EDUCACIÓN PRIMARIA. CAMIÑA CON NÓS POLA IGUALDADE”. EXPTE. 11933/224.**

Visto o informe xurídico do 29/01/2023 e o informe de fiscalización do 06/02/2023, dáse conta do informe-proposta de data 27/01/2023, asinado pola axente de igualdade de oportunidades, pola xefa do Servizo de Igualdade e a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES**

O obxecto deste contrato de servizos é a xestión do “Programa coeducativo dirixido a promover a cultura da igualdade e fomentar a prevención da violencia de xénero no alumnado de educación infantil e de educación primaria. Camiña con nós pola igualdade”

O programa “CAMIÑA CON NÓS POLA IGUALDADE” é un programa coeducativo dirixido ao alumnado dos centros de educación infantil e primaria da cidade. Ofrece unha programación permanente en cada centro, desenvolvendo obradoiros temáticos desde a perspectiva de xénero, empregando una metodoloxía lúdica e específica para cada franxa de idade, co obxecto de poñer en acción una estratexia a medio e longo prazo dirixida a reflexionar e promover a igualdade entre sexos partindo desde unha etapa evolutiva na que se conforman as identidades de xénero.

Estes obradoiros están dirixidos ao alumnado de educación infantil e primaria, preferentemente os últimos cursos de cada ciclo. Lévanse a cabo en horario lectivo, nas aulas dos centros escolares, coa presenza do profesorado titor e adaptándose ás necesidades da súa comunidade educativa.



## Concello de Vigo

Os obradoiros terán unha duración estimada de 50 minutos para educación infantil e primeiro e segundo ciclo de educación primaria, e de 90 minutos para o último ciclo de primaria.

Calcúlase a prestación de 600 horas de prestación de talleres por curso escolar como máximo.

En data do 14 de decembro de 2022, a axente de igualdade de oportunidades e a xefa do servizo de Igualdade asinan o informe sobre a necesidade e idoneidade para a contratación do “Programa coeducativo dirixido a promover a cultura da igualdade e fomentar a prevención da violencia de xénero no alumnado de educación infantil e de educación primaria. Camiña con nós pola igualdade”. En cumprimento do establecido nos artigos 28 e 116 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP) e os artigos 165.1, 172.1 e 175 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, resolvéndose na mesma data o inicio do expediente de contratación pola concelleira-delegada de Igualdade, no uso das competencias que lle atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, e Resolucións de Alcaldía de datas 18 e 26 de xuño de 2019 modificadas polas Resolucións de datas 13.08.2019, 17.08.2020, 16.04.2021, 08.08.2022, 06.09.2022 e 31.10.2022, sobre delegación de competencias e Acordo da Xunta de Goberno Local, texto consolidado, de data 12 de marzo de 2021, sobre delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nas concelleiras/os delegadas/os de área, modificado polo Acordo da Xunta de Goberno Local de data 22 de abril de 2021).

No expediente consta a seguinte documentación:

- Informe sobre a necesidade e idoneidade e orde de inicio do procedemento aberto do contrato de servizos do “Programa coeducativo dirixido a promover a cultura da igualdade e fomentar a prevención da violencia de xénero no alumnado de educación infantil e de educación primaria. Camiña con nós pola igualdade” asinados o 14 de decembro de 2022 pola axente de igualdade de oportunidades, a xefa do Servizo de Igualdade e a concelleira delegada de Igualdade, o 15 de decembro de 2022 polo concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda e o 16 de decembro pola secretaria da Administración Municipal.
- Memoria económica asinada o 30 de decembro de 2022 pola axente de igualdade de oportunidades e a xefa do Servizo de Igualdade, o 2 de xaneiro de 2023 pola concelleira delegada de Igualdade e o 18 de xaneiro de 2023 polo concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda.
- Certificados de retención de crédito asinados polo director superior contable o 12 de xaneiro de 2023 (operacións 202300003887-RC e 202300003888-RCFUT1).
- Declaración das redactoras do prego de prescricións técnicas asinada o 30 de decembro de 2022 sobre o cumprimento das especificacións técnicas da lexislación

vixente e garantía de acceso das licitadores en condicións de igualdade ao procedemento de contratación e da libre competencia.

- Prego de prescricións técnicas particulares asinado o 30 de decembro de 2022 pola axente de igualdade de oportunidades e a xefa do Servizo de Igualdade, e conformado pola a concelleira delegada de Igualdade o 2 de xaneiro de 2023
- Memoria xustificativa asinada o 18 de xaneiro de 2023 pola axente de igualdade de oportunidades e a xefa do Servizo de Igualdade, e conformado na mesma data pola concelleira delegada de Igualdade.
- Informe favorable do Servizo de Contratación sobre o a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado o 18 de xaneiro 2023 pola técnica de administración xeral e a xefa do Servizo de Contratación.
- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado o 27 de xaneiro de 2023 pola técnica de administración xeral e a xefa do Servizo de Contratación.

Nos termos establecidos no art. 29.4 da LCSP este contrato terá un prazo de duración de 15 meses, coa posibilidade de realizar como máximo 2 prórrogas, cunha duración dun ano cada unha.

Segundo se motiva na memoria económica, o importe do contrato (sen IVE) é de 50.400 €. O importe do valor total estimado do contrato, incluídas as prórrogas e a posible modificación do contrato prevista, é de 136.080 €.

O prezo do contrato (15 meses de duración) é de 50.400 €. A actividade está exenta de IVE, conforme co artigo 20.9 da Lei 37/1992 do 28 de decembro do imposto sobre o valor engadido, tal e como recolle o informe do Tribunal económico administrativo municipal de data 23 de decembro de 2022 unido a este expediente.

O prezo unitario é o seguinte:

PREZO UNITARIO: 63 €/hora

O expediente ten a condición de gasto plurianual, pois o inicio do contrato está previsto para o exercicio do ano 2023 e a súa finalización está prevista para o exercicio do ano 2024.

As obrigas económicas derivadas do contrato serán atendidas a conta da aplicación orzamentaria "*Plan municipal de Igualdade*" 2311 2279906 do orzamento aprobado para o ano 2023 da Concellería de Igualdade e do orzamentos futuro, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento do exercicio 2024.

Exercicio 2023: 25.200 €

Exercicio 2024: 25.200 €

## **NORMATIVA DE APLICACIÓN**



## Concello de Vigo

- Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Lei orgánica 2/2006, de 2 de maio, de educación.
- Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. O obxecto regulado no presente contrato encádrase nas competencias que atribúe aos municipios no seu artigo 25.2.o), na redacción dada polo Real Decreto-lei 9/2018, de 3 de agosto: *actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero*
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, especificamente nos artigos relacionados co procedemento aberto que rexerán esta contratación
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado polo Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, no que non se opoña á Lei 9/2017.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

1.- O inicio do expediente de contratación corresponde ao órgano de contratación (artigo 116.1 LCSP) que, nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional segunda, apartado 4 LCSP). Esta competencia foi delegada nos concelleiros/as delegados/as de Área por Resolucións de Alcaldía de datas 18 e 26 de xuño de 2019 modificadas polas Resolucións de datas 13.08.2019, 17.08.2020, 16.04.2021, 08.08.2022, 06.09.2022 e 31.10.2022, sobre delegación de competencias e Acordo da Xunta de Goberno Local, texto consolidado, de data 12 de marzo de 2021, sobre delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nas concelleiras/os delegadas/os de área, modificado polo Acordo da Xunta de Goberno Local de data 22 de abril de 2021.

2.- O expediente refírese á totalidade obxecto do contrato e nel constan o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas que rexeran o contrato, tal e como se sinala no artigo 116 da LCSP.

3.- O procedemento elixido para a contratación é o aberto e a forma de tramitación do expediente, a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

4.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 LCSP.

5.- Na memoria económica xustifícase o valor estimado do contrato coa indicación de todos os conceptos que o integran (artigo. 116.4.d e 101 LCSP); a xustificación do prezo do contrato (artigo 102 LCSP); os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP) así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP); os criterios de solvencia económica e técnica (artigo 116.4.c LCSP); o principio de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira); a elección do procedemento aberto e a súa tramitación ordinaria (artigo 116.4.a LCSP).

6.- De conformidade coa disposición adicional terceira apartado 8 da LCSP e a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), requírese o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

7.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Constan no expediente os certificados de retención de crédito de data 12 de xaneiro de 2023. O informe da fiscalización previa incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

8.- A competencia para a resolución deste expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 4 da LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 LCSP).

Polo exposto, e previo informe favorable da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, que adopte o seguinte

#### **ACORDO:**

1.- Aprobar o expediente de contratación, a través do procedemento aberto e tramitación ordinaria con múltiples criterios de valoración, para a xestión do “Programa coeducativo dirixido a promover a cultura da igualdade e fomentar a prevención da violencia de xénero no alumnado de educación infantil e de educación primaria. Camiña con nós pola igualdade”.

2.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola técnica de Administración Xeral e pola xefa do Servizo de Contratación o 27 de xaneiro de 2023.

3.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares asinado pola axente de igualdade de oportunidades e pola xefa do Servizo de Igualdade o 30 de decembro de 2022, e conformado pola concelleira delegada de Igualdade en data 2 de xaneiro de 2023.

4.- Autorizar o gasto por importe total de 50.400 € para a contratación da xestión do “Programa coeducativo dirixido a promover a cultura da igualdade e fomentar a





## Concello de Vigo

prevención da violencia de xénero no alumnado de educación infantil e de educación primaria. Camiña con nós pola igualdade”, que se imputará con cargo á aplicación orzamentaria “Plan municipal de Igualdade” 2311 2279906 do orzamento aprobado para o exercicio 2023 da Concellería de Igualdade e do orzamento futuro do exercicio 2024 condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento, desglosado do seguinte xeito: 25.200 € imputaranse ao orzamento do exercicio 2023, e 25.200 € imputarase ao orzamento futuro do exercicio 2024, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no futuro orzamento.

**5.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección da contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **8(73).-PROPOSTA DE APROBACIÓN DO GASTO PARA O ANO 2023 EN RELACIÓN AO CONVENIO COA SOCIEDADE “SUPERVISIÓN Y CONTROL, S.A.U” A FIN DE REGULAR O PROCEDEMENTO DE XESTIÓN E SISTEMA DE FACTURACIÓN DAS INSPECCIÓN TÉCNICAS DOS VEHÍCULOS (I.T.V) DA FLOTA MUNICIPAL. EXPTE. 13758/445.**

Visto o informe de fiscalización do 01/02/2023, dáse conta do informe-proposta de data 27/01/2023, asinado polo enxeñeiro de camiños canais e portos, polo técnico de administración xeral, polo xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, o concelleiro-delegado de Fomento e Servizos e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES.**

I.- A Xunta de Goberno Local aprobou en sesión ordinaria de data 18 de xullo de 2.019 aprobar o Convenio de colaboración entre a Sociedade “Supervisión y Control, S.A.U” e o Concello de Vigo a fin de regular o procedemento de xestión e sistema de facturación das inspeccións técnicas (ITV) dos vehículos da flota municipal e a súa subscripción pola Sociedade “Supervisión y Control, S.A.U”; facultando ao Concelleiro delegado da Área de Fomento e Servizos para a sinatura do convenio.

II.- En base á referida necesidade a sociedade “Supervisión Y Control, S.A.U” e o Concello de Vigo no exercicio das súas competencias, asinaron o convenio en data 31 de xullo de 2.019.

III.- As necesidades relativas ás inspeccións técnicas son variables en función da xestión da flota de vehículos, e de acordo co alcance do convenio asinado coa sociedade “Supervisión Y Control, S.A.U”, e as previsións de realización de inspeccións técnicas para os vehículos da flota municipal para o período comprendido entre o 01.01.2023 ata o 31.07.2023, data fin de vixencia do devandito convenio, estimase

dende os servizos técnicos do Parque Móbil, un gasto máximo de OITO MIL EUROS EUROS (8.000,00 €) IVE, taxas e gastos incluídos.

## **II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.**

I.- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).

II.- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril.

III.- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira. Lei Orgánica 7/2013, de 27 decembro de racionalización e sustentabilidade da Administración Local e Lei 5/2014, 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da lei 7/13.

IV.- Bases execución do orzamento do Concello de Vigo de 2.023.

V.- Lei 9/2.017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2.014/24/UE, de 26 de febreiro.

VI.- Lei 40/15, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

VII.- Real Decreto legislativo 2/2.004, de 5 marzo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

En base ao exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

### **ACORDO**

**Primeiro.-** Autorizar o gasto polo importe máximo de OITO MIL EUROS EUROS (8.000,00 €), IVE, taxas e gastos incluídos, a favor da mercantil "Supervisión e Control, S.A.U", con cargo a aplicación orzamentaria 9202.227.99.00 "Tramitación documentación de vehículos" correspondente ao orzamento do exercicio 2023, co obxecto de desenvolver no mesmo as inspeccións técnicas dos vehículos municipais, de acordo ao Convenio entre a sociedade "Supervisión e Control, S.A.U e o Concello de Vigo a fin de regular o procedemento de xestión e sistema de facturación das inspeccións técnicas (ITV) dos vehículos da flota municipal.

**Segundo.-** Dar conta do presente acordo á "Supervisión e Control, S.A.U." como concesionaria da prestación do servizo de ITV e asinante do convenio co Concello de Vigo.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**9(74).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE REHABILITACIÓN E ACONDICIONAMENTO DO PAZO DA RAPOSEIRA. EXPTE. 11040/307.**



## Concello de Vigo

Visto o informe de fiscalización do 03/02/2023, dáse conta do informe-proposta de data 08/02/2023, asinado pola xefa do servizo de Patrimonio Histórico, a xefa de Área de Xestión Patrimonial e Territorial, e a concelleira delegada de Patrimonio histórico, que di o seguinte:

### ANTECEDENTES

1.- O Pazo da Raposeira, edificación do século XVII, ceduse a este Concello o 16 de setembro de 1986, recuperando o Concello a plena propiedade no mes de xuño de 2013, ao producirse a consolidación dun dereito de usufructo a prol dos anteriores propietarios. O inmovible atópase moi deteriorado polo que é necesario acometer obras, tanto no interior coma no exterior.

2.- No ano 2014, publicáronse as bases reguladoras da concesión de axudas para actuacións de conservación ou enriquecemento do Patrimonio Histórico Español, con cargo aos recursos procedentes das obras públicas financiadas polo Ministerio de Fomento (Orde FOM/1932/2014 de 30 de setembro (BOE 22/10/2014) e Corrección de erros de dita Orde (BOE 01/12/2014), e dende esta Concellería de Patrimonio Histórico se presentou o proxecto básico de rehabilitación e acondicionamento do Pazo de A Raposeira aos efectos de solicitar ditas axudas aínda que finalmente non resultou seleccionado.

3.- A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente do 10 de agosto de 2017 acordou aprobar o PROXECTO BÁSICO DE REHABILITACIÓN E ACONDICIONAMENTO DO PAZO DA RAPOSEIRA, redactado polo arquitecto Emilio Estévez Fernández, aos efectos da súa presentación novamente para concesión das axudas para actuacións de conservación ou enriquecemento do Patrimonio Histórico Español, con cargo aos recursos procedentes das obras públicas financiadas polo Ministerio de Fomento (BOE 19/07/2017), e tampoco resultou elixido.

4.- Na convocatoria do ano 2018 reitérase a petición a estas axudas, e o Director Xeral de Axenda Urbana e Arquitectura do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana resolve o peche deste procedemento con data 7 de marzo de 2022, indicando que o proxecto municipal queda excluído como consecuencia da NON catalogación como Ben de Interese Cultural do Pazo da Raposeira.

5.- A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente de 25 de abril de 2022, aprobou a presentación de dous proxectos do Concello de Vigo á convocatoria de axudas para a rehabilitación de edificios de titularidade pública no marco do plan de recuperación, transformación e resiliencia, de acordo coa orde TMA/178/2022, de 28 de febreiro de 2022 do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, sendo un deles as obras no Pazo de Raposeira.

6.- Con data 25/10/2022, o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana ditou a resolución provisional da convocatoria de axudas para a rehabilitación de edificios de titularidade pública no marco do plan de recuperación, transformación e resiliencia, na que se inclúe a rehabilitación do Pazo da Raposeira.

7.- A Xunta de Goberno local, en sesion de data 3 de novembro de 2022, aceptou a proposta de subvención aprobada na referida resolución provisional, e acorda o seguinte cronograma de de actuacións:

			<b>inicio</b>	<b>fin</b>
1	Redacción de proxecto básico	Proxecto existente		
	Proxecto de execución para inicio de tramite de aprobación	Prazo redacción proxecto	01/05/2022	30/05/2022
2	Obtención de licenza urbanística ou autorización necesaria.	Tramite de informes sectoriais	30/05/2022	28/08/2022
3	A aprobación do Proxecto de Execución polo órgano competente.	Tramitación para aprobación definitiva XGL	28/08/2022	27/09/2022
4	Adxudicación da obra.	Proceso de licitación, adxudicación e formalización do contrato	27/09/2022	26/03/2023
5	Acta de reformulo e comezo da obra.	Prazo para aprobación de plan de obra, CSS e formalización acta de comprobación reformulo	26/03/2023	25/05/2023
6	Certificado Final de Obra (CFO).	Tendo en conta o prazo de execución da obra.	25/05/2023	20/03/2024
7	Acta de recepción da obra sen observacións.	Prazo para pechar acta de recepción	20/03/2024	19/05/2024

8.- O Concelleiro delegado para as actuacións referentes á subvención, en data 03.11.20202 DECLARA "...() que ACEPTA la ayuda concedida mediante Resolución Provisional de la Convocatoria de Ayudas para la Rehabilitación de Edificios de Titularidad Pública en el marco del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia, en todos los términos que figuran en el ANEXO DE CONDICIONES Y TÉRMINOS DE CONCESIÓN Y ACEPTACIÓN DE LA AYUDA, comprometiéndose a cumplir las obligaciones establecidas en el mismo y las demás disposiciones que le sean de aplicación....()" entre otras, "...() a fin de cumplir los objetivos del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia, los beneficiarios se comprometen, tal y como establece el artículo 8 de la Orden TMA/178/2022, a la recepción de las obras correspondientes a las actuaciones pertenecientes a esta línea 1, sin reservas, en un plazo que tendrá como **fecha máxima el 30 de septiembre de 2024.**"

9.- O 2 de decembro de 2022 publicouse na sede electrónica do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana a resolución definitiva da convocatoria de axudas para a rehabilitación de edificios de titularidade pública no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e con data do 2 de decembro de 2022, recíbese notificación da Coordinadora do Programa de Fomento da Rehabilitación de Edificios Públicos (PIREP), na que aparecen as obras de rehabilitación e acondicionamento do Pazo da Raposeira cun



## Concello de Vigo

financiamento de 1.495.451,86 euros. O programa está financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU.

Segundo cronograma desta obra deberá estar finalizadas antes del 30 de septiembre de 2024

10.- Por Decreto de Alcaldía de data 30/01/2023, delegouse na Teniente de alcalde e concelleira da Área de Patrimonio histórico, tódalas atribucións precisas para a dirección técnica e política, xestión, seguimento, tramitación e realización da totalidade das obras e servizos necesarios para a execución do **PROXECTO DE REHABILITACIÓN E ACONDICIONAMENTO DO PAZO DA RAPOSEIRA.**

11.- O arquitecto redactor do proxecto, Emilio Estévez Fernández, presenta un orzamento base de licitación, IVE engadido, de UN MILLÓN OITOCENTOS CINCUENTA MIL OITENTA E TRES EUROS E NOVENTA CÉNTIMOS (1.850.083,91 €).

12.- As obras a executar consisten nunha mellora da envolvente térmica coa substitución da carpintería exterior; a eliminación de elementos estruturais desconformes introducidos en últimas actuacións; a restitución da estrutura de cuberta e da planta alta en mal estado; a limpeza dos revestimentos en paredes e chans da capela realizando novo pavimento pétreo; saneado e limpeza da fábrica de granito existente; mellora da accesibilidade; dotación de instalacións ao edificio adaptándoo aos requisitos normativos que se requiren. Ademais está previsto rehabilitar as construcións exteriores (hórreo, cruceiro, estanque, mesas, columnas); a recuperación do xardín francés, así como o saneado e limpeza do muro exterior de peche da parcela.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (8) OITO meses.

13.- A arquitecta técnica municipal, o enxeñeiro de camiños, canais e portos e a enxeñeira municipal da Oficina de Supervisión de Proxectos emiten en data 01/02/2023 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando que a documentación do proxecto cumpre os obxectivos do contrato de redacción e considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos legais esixidos de conformidade coa lexislación vixente e actualmente regulados no artigo 235 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

14.- En relación coa autorización sectorial en materia de protección do Patrimonio histórico, en virtude do artigo 39 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, en febreiro de 2022 remitiuse o proxecto de rehabilitación e acondicionamento do Pazo da Raposeira á xefatura territorial da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia para a súa autorización.

Con data 12/04/2022 recíbese no rexistro municipal un requirimento de documentación por parte da administración autonómica que é remitido polo servizo de Patrimonio Histórico con data 05/05/2022.

Con data 07/10/2022 recíbese unha resolución da Xunta de Galicia na que autoriza a rehabilitación e acondicionamento do Pazo da Raposeira (proxecto básico), “xa que en liñas

xerais a intervención considérase compatible coa protección do patrimonio”, aínda que se sinalan unha serie de condicións **que deberán ser recollidas no proxecto de execución.**

Xa que logo, o proxecto básico está autorizado pola Dirección xeral de patrimonio cultural, sendo o documento que o artigo 6 do Real Decreto 314/2006, de 17 de marzo, polo que se aproba o Código Técnico da Edificación esixe para o outorgamento da licenza municipal de obras, concesións ou autorizacións administrativas.

Con data de rexistro 09/12/2022 o Concello de Vigo remite á delegación territorial da Xunta de Galicia o proxecto de execución coa documentación requirida e o 22 de decembro, a xefa do servizo de patrimonio cultural, en data 22/12/2022 informa que o proxecto debe ser completado cunha serie de datos de detalle de acabados de carácter puntual e de documentación histórica.

Habida conta da perentoriedade do prazos de obrigado cumprimento para este Concello expresados nas axudas para a rehabilitación de edificios de titularidade pública no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resilencia, esta Concellería entende que é necesario aprobar o proxecto de rehabilitación e acondicionamento do Pazo da Raposeira, considerando que cumpre coas esixencias da Lei de contratos, e que no suposto de que a autorización definitiva da Dirección xeral de Patrimonio cultural da Xunta de Galicia, altere o proxecto, será sometido de novo a autorización da Xunta de Goberno Local ou órgano municipal de contratación competente sempre con carácter previo á licitación do mesmo.

A autorización do proxecto permitirá avanzar na tramitación das actuacións preparatorias previas ao acordo de licitación da obra.

### **CONSIDERACIÓNS DE DEREITO**

I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar pola oficinas de supervisión de proxectos e Patrimonio municipal especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP, e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe técnico, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

Específicamente consta dos documentos que o artigo 233.1 LCSP esixe para a súa aprobación:



## Concello de Vigo

- a) Unha memoria na que se describa o obxecto das obras, que recollerá os antecedentes e situación previa ás mesmas, as necesidades a satisfacer e a xustificación da solución adoptada, detallándose os factores de todo orde a ter en conta.
- b) Os planos de conxunto e de detalle necesarios para que a obra quede perfectamente definida, así como os que delimiten a ocupación de terreos e a restitución de servidumes e demais dereitos reais, no seu caso, e servizos afectados pola súa execución.
- c) O prego de prescricións técnicas particulares, onde se fará a descrición das obras e regularase a súa execución, con expresión da forma en que esta levará a cabo, as obrigacións de orde técnica que correspondan ao contratista, e a maneira en que levará a cabo a medición das unidades executadas e o control de calidade dos materiais empregados e do proceso de execución.
- d) Un orzamento, integrado ou non por varios parciais, con expresión dos prezos unitarios e dos descompostos, no seu caso, estado de medicións e os detalles precisos para a súa valoración. O orzamento ordenarase por obras elementais, nos termos que reglamentariamente establézanse.
- e) Un programa de desenvolvemento dos traballos ou plan de obra de carácter indicativo, con previsión, no seu caso, do tempo e custo.
- f) As referencias de todo tipo en que se fundamentará o reformulo da obra.
- g) O estudo de seguridade e saúde ou, no seu caso, o estudo básico de seguridade e saúde, nos termos previstos nas normas de seguridade e saúde nas obras.
- h) Canta documentación veña prevista en normas de carácter legal ou regulamentario<sup>1</sup>.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local.

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

### **ACORDO**

- Aprobar o PROXECTO DE REHABILITACIÓN E ACONDICIONAMENTO DO PAZO DA RAPOSEIRA, de xaneiro de 2023, redactado polo arquitecto Emilio Estévez Fernández, cun orzamento base de licitación, IVE engadido, de UN MILLÓN OITOCENTOS CINCUENTA MIL OITENTA E TRES EUROS E NOVENTA CÉNTIMOS (1.850.083,91 €), sen prexuízo dos cambios que no seu caso poda resultar necesario introducir por mor da autorización autonómica definitiva.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **10(75).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO IX PROGRAMA PARA ARROMBAR MEDIA-NEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA NA VÍA PÚBLICA. EXPTE. 11039/307.**

- 1 A resolución autonómica de data 10.10.2022 autoriza o proxecto básico, sen prexuízo de incluír no proxecto de execución unha serie de datos de detalle de acabados de carácter puntual e de documentación histórica.

Visto o informe xurídico do 27/01/2023 e o informe de fiscalización do 02/02/2023, dáse conta do informe-proposta de data 18/01/2023, asinado pola xefa do Servizo de Patrimonio Histórico, a xefa de Área de Xestión Patrimonial e Territorial, e a concelleira delegada de Patrimonio histórico e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES DE FEITO:**

Con data 13 de decembro de 2022, a concelleira-delegada de Patrimonio Histórico ditou orde de inicio do expediente administrativo dirixido a CONTRATACIÓN DAS OBRAS PARA A EXECUCIÓN DOS MURAIIS DO IX PROGRAMA PARA ARROMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA NA VÍA PÚBLICA

No expediente inclúense os seguintes documentos:

- Decreto de Alcaldía de data 22/11/2022, polo que se resolve o seguinte:

“Delegar na concelleira delegada da área de Patrimonio Histórico, dna. M<sup>a</sup> del Carmen Silva Rego, tódalas atribucións precisas para a dirección técnica e política, xestión, seguimento, tramitación e execución das actividades artístico-culturais do NOVENO programa para arrumar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública e demais espazos libres que conforman a paisaxe urbana, así como a posibilidade de utilización dos seguintes créditos do orzamento do ano 2023, a través do servizo de Patrimonio Histórico:

  - 100.000 euros da partida 3340.2260900 ACTIVIDADES CULTURALES PROGRAMA ARTE.
  - 350.000 euros da partida 3340.2279901 PROGRAMA DE ARTE URBANO, MEDIANERAS.
  - 30.000 euros da partida 3340.2279902 TRABALLOS DE MANTEMENTO DOS ESPAZOS DE ARTE URB.”
- Resolución da concelleira delegada de Patrimonio Histórico, de data 13 de decembro de 2022 para o inicio do expediente de contratación.
- PROXECTO DO 9º PROGRAMA DE PINTADO DE MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA SOBRE A VÍA PÚBLICA”, redactado polo arquitecto Ignacio Hortas López e aprobado pola Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 1 de decembro de 2022, e que rexerá como prego de prescricións técnicas.
- Memoria xustificativa asinada o 28 de decembro de 2022 pola xefa de servizo de Patrimonio Histórico e o 29 de decembro de 2022 pola concelleira delegada de Patrimonio Histórico para a contratación das obras para a execución dos murais do noveno programa para arrumar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública.
- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola xefa do Servizo de Contratación o 16 de xaneiro de 2023.

#### **II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS:**





## Concello de Vigo

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación deste (acordo da Xunta de Goberno Local de 15 de xullo de 2013), aos concelleiros de Area.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que o acompaña, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas, reitores do contrato.

**Terceiro.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b LCSP), os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os costes laborais (artigo 116.4.d) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto.

**Cuarto.-** Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

En canto aos gastos correntes que se poidan derivar con posterioridade á realización das obras indícase que estas actuacións non requiren dun mantemento posterior, polo que non haberá repercusións económicas directas.

**Quinto.-** É preceptiva previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente o informe da titular da asesoría xurídica e o informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

### **III.- ACORDO:**

**1º.- Aprobar o expediente de contratación** polo procedemento aberto e tramitación ordinaria DAS OBRAS DO IX PROGRAMA PARA ARROMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA NA VÍA PÚBLICA, segundo proxecto redactado polo arquitecto Ignacio Hortas López.

**2º.- Aprobar o Prego de Prescricións Administrativas Particulares** que rexerá o contrato asinado pola xefa do Servizo de Contratación con data 16 de xaneiro de 2023.

**3º.- Autorizar o gasto total de CENTO OITENTA E UN MIL CINCOCENTOS CINCO EUROS CON OITO CÉNTIMO (181.505,08 EUROS)** sendo o importe correspondente ao IVE de TRINTA E UN MIL CINCOCENTOS EUROS CON OITENTA E OITO CÉNTIMOS (31.500,88 €) como orzamento base de licitación, con cargo á aplicación 3340.2279901 PROGRAMA DE ARTE URBANO, MEDIANERAS do exercicio orzamentario vixente.

**4º.- Abrir o procedemento licitatorio** para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**11(76).- RECTIFICACIÓN DE ERRO DETECTADO NA DENOMINACIÓN DE 1 PRAZA INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL DO CONCELLO DE VIGO, EN CUMPRIMENTO DAS PREVISIÓNS DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO. EXPTE. 41622/220.**

Dáse conta do informe-proposta de data 03/02/2023, asinado pola xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e a concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

#### **1.- ANTECEDENTES**

En acordo de data 31 de maio do 2022 (expediente nº 39.998/220) foi aprobada a oferta de emprego público de estabilización do emprego temporal no Concello de Vigo, en execución de obrigas legais, co teor literal seguinte:

*“PRIMEIRO.- Aprobar a oferta de emprego público de estabilización do emprego temporal do Concello de Vigo, en cumprimento das obrigas contempladas na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade nas Administracións Públicas, consonte aos informes emitidos no expediente nº 39.998/220 e tras a negociación colectiva efectuada; oferta que se concreta en:*

**1.- Prazas que cumpren cos requisitos previstos na DA 6º e 8ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro, para ser incluídas no proceso de estabilización de emprego temporal e convocadas polo sistema de concurso:**

<b>Denominación</b>	<b>Grupo</b>	<b>Tipo de vínculo xurídico (funcionarios de carreira / persoal laboral fixo)</b>	<b>Número de prazas ofertadas</b>	<b>Sistema Selectivo</b>
TÉCNICO/A	A1	Laboral fixo	1	CONCURSO



## Concello de Vigo

<b>Denominación</b>	<b>Grupo</b>	<b>Tipo de vínculo xurídico (funcionarios de carreira / persoal laboral fixo)</b>	<b>Número de prazas ofertadas</b>	<b>Sistema Selectivo</b>
DEPARTAMENTO MÚSICA TRADICIONAL - EMAO				
DIRECTOR/A DE RÉXIME INTERIOR - ZOO	A1	Laboral fixo	1	CONCURSO
VETERINARIO/A - ZOO	A1	Laboral fixo	1	CONCURSO
LICENCIADO/A DEREITO	A1	Laboral fixo	1	CONCURSO
LICENCIADO/A CIENCIAS DO TRABALLO	A1	Laboral fixo	1	CONCURSO
LICENCIADO/A PSICOLOXIA	A1	Laboral fixo	1	CONCURSO
TECNICO/A SUPERIOR -DIRECTOR/A (LICENCIADO FILOSOFIA, CIENCIAS EDUCACION E PEDAGOXIA)	A1	Laboral fixo	1	CONCURSO
TECNICO/A SUPERIOR-COORDINADOR/A PLAN EMPREGO MUNICIPAL (ENXEÑEIRA)	A1	Laboral fixo	1	CONCURSO
DIPLOMADO/A EN TRABALLO SOCIAL	A2	Funcionario/a de carreira	7	CONCURSO
DIPLOMADO/A EN TRABALLO SOCIAL	A2	Laboral fixo	1	CONCURSO
TÉCNICO/A MEDIO BIBLIOTECA	A2	Laboral fixo	1	CONCURSO
TECNICO/A MEDIO DE ARQUIVO	A2	Funcionario/a de carreira	1	CONCURSO
TECNICO/A MEDIO	A2	Laboral fixo	1	CONCURSO

<b>Denominación</b>	<b>Grupo</b>	<b>Tipo de vínculo xurídico (funcionarios de carreira / persoal laboral fixo)</b>	<b>Número de prazas ofertadas</b>	<b>Sistema Selectivo</b>
RESPONSABLE OBRAS PROGRAMA UTIL (ARQUITECTO TÉCNICO EN EXECUCIÓN DE OBRAS)				
TECNICO/A MEDIO-ADMINISTRADORA PROGRAMA UTIL (LICENCIADO/A EN C.ECONOMICAS E EMPRESARIAIS)	A2	Laboral fixo	1	CONCURSO
TÉCNICO/A MEDIO-TITOR/A PROGRAMA UTIL	A2	Laboral fixo	1	CONCURSO
TECNICO/A MEDIO – DIPLOMADO/A EDUCACION SOCIAL	A2	Laboral fixo	1	CONCURSO
<b>TITULADO/A MEDIO</b>	<b>A2</b>	<b>Laboral fixo</b>	<b>1</b>	<b>CONCURSO</b>
TECNICO/A ORIENTACIÓN LABORAL	A2	Laboral fixo	6	CONCURSO
TECNICO/A XESTIÓN	A2	Laboral fixo	1	CONCURSO
CONSERVADOR/A	A2	Funcionario/a de carreira	1	CONCURSO
MESTRE/A OFICIOS EMAO	A2	Laboral fixo	1	CONCURSO
ADMINISTRATIVO/A	C1	Funcionario/a de carreira	1	CONCURSO
MESTRE/A FORMACION EMAO	C1	Funcionario/a de carreira	4	CONCURSO
MESTRE/A FORMACION EMAO	C1	Laboral fixo	5	CONCURSO



## Concello de Vigo

<b>Denominación</b>	<b>Grupo</b>	<b>Tipo de vínculo xurídico (funcionarios de carreira / persoal laboral fixo)</b>	<b>Número de prazas ofertadas</b>	<b>Sistema Selectivo</b>
DELINEANTE	C1	Laboral fixo	1	CONCURSO
ADMINISTRATIVO/A	C1	Laboral fixo	3	CONCURSO
ADMINISTRATIVO/A SERVIZOS TURÍSTICOS	C1	Laboral fixo	3	CONCURSO
ENCARGADO/A RESPONSABLE BIAL	C1	Laboral fixo	1	CONCURSO
AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	C2	Funcionario/a de carreira	10	CONCURSO
AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	C2	Laboral fixo	2	CONCURSO
OFICIAL COIDADOR MANTEMENTO VIXIANCIA E CONTROL	C2	Laboral fixo	2	CONCURSO
OFICIAL SEPULTUREIRO	C2	Laboral fixo	1	CONCURSO
OFICIAL INSTALACIONES MUNICIPAIS	C2	Laboral fixo	1	CONCURSO
OFICIAL INSTALACIONES DEPORTIVAS	C2	Laboral fixo	1	CONCURSO
OFICIAL MANTEMENTO DEPORTES	C2	Laboral fixo	7	CONCURSO
ORDENANZA PORTEIRO	E	Funcionario/a de carreira	7	CONCURSO
AXUDANTE MANTEMENTO	E	Laboral fixo	9	CONCURSO

2.- Prazas que cumpren cos requisitos previstos no artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, para ser incluídas no proceso de estabilización de emprego temporal e convocadas polo sistema de **concurso-oposición**:

<b>Denominación</b>	<b>Grupo</b>	<b>Tipo de vínculo xurídico (funcionarios de carreira / persoal laboral fixo)</b>	<b>Número de prazas ofertadas</b>	<b>Sistema Selectivo</b>
OFICIAL COIDADOR, MANTEMENTO, VIXILANCIA E CONTROL	C1	Laboral fixo	1	CONCURSO-OPOSICIÓN
AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	C2	Funcionario/a de carreira	1	CONCURSO-OPOSICIÓN
OFICIAL INSTALACIONES MUNICIPAIS	C2	Funcionario/a de carreira	2	CONCURSO-OPOSICIÓN
OFICIAL DESINFECTOR/A	C2	Funcionario/a de carreira	2	CONCURSO-OPOSICIÓN

**SEGUNDO.-** Ordenar a publicación con carácter urxente no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e diarios oficiais que correspondan, aos efectos da preceptiva publicidade.

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

2.- O acordo de aprobación da oferta de emprego de estabilización citado foi publicado nos prazos legamente establecidos, sendo accesible as publicacións oficiais nos enlaces seguintes:

[-https://boppo.depo.gal/web/boppo/detalle/-/boppo/2022/05/31/2022039761](https://boppo.depo.gal/web/boppo/detalle/-/boppo/2022/05/31/2022039761)  
[-https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220608/AnuncioL257-010622-0002\\_es.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220608/AnuncioL257-010622-0002_es.html)

Ao mesmo foron presentadas as alegacións seguintes en prazo, segundo consta en diligencia de 08/07/2022, que literalmente se transcribe:



## Concello de Vigo

### *"DILIXENCIA PARA FACER CONSTAR"*

*Que o anuncio correspondente á Oferta de Emprego Público para a Estabilización do emprego temporal do Concello de Vigo foi publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 103 de data 31/05/2022.*

*Nesa mesma data (31/05/2022), con hora de presentación anterior á da publicación no BOPPO, consta escrito de alegacións da sección sindical CIG:*

<b>Documento</b>	<b>Persoa interesada</b>
220117929	<i>Del Castillo Fernández-Pacheco, M. (Sección sindical CIG)</i>

*Entre o 01/06/2022 e o 30/06/2022 foron presentados un total de 13 documentos que inclúen recursos e alegacións á OEP de estabilización, tal como se referencia a seguir:*

<b>Documento</b>	<b>Persoa interesada</b>
220119824	<i>Alonso Rodríguez, E. (Sección sindical CCOO)</i>
220124182	<i>Álvarez Outeiro, I.</i>
220137603	<i>Del Castillo Fernández-Pacheco, M. (Sección sindical CIG)</i>
220161719	<i>Martínez Alonso, S. M.</i>
220161748	<i>Martínez Alonso, S. M.</i>
220162670	<i>Pereiras Bermejo, V.</i>
220162821	<i>Del Monasterio Roldán, C.</i>
220162830	<i>Del Monasterio Roldán, C.</i>
220163892	<i>Riobó Veiga, L. A.</i>
220163902	<i>Riobó Veiga, L. A.</i>
220164093	<i>Álvarez Outeiro, I.</i>
220164104	<i>Álvarez Outeiro, I.</i>
220164671	<i>Pérez Rodríguez, M. I.</i>

*Tamén foron presentados no prazo establecido para o efecto, 4 documentos dirixidos á Área de Benestar Social e remitidos con posterioridade a esta Área de RRHH e Formación en formato expediente, e por tanto non incluídos no 39998/220, senón unidos (trámite SUE), coas referencias que se indican no seguinte cadro:*

<b>Documento</b>	<b>Expediente</b>	<b>Persoa interesada</b>
220122774	236390/301	Riobó Veiga, L. A.
220131562	237243/301	Estévez Rodríguez, B.
220132923	237244/301	Magadán Mompo, E. M.
220162814	237245/301	Núñez Hernández, R.

*Disto déixase constancia, a salvo de erro ou omisión, para os efectos do expediente electrónico.”*

Ditas alegacións foron resoltas por acordo da Xunta de Goberno Local de 15 de setembro do 2022 (expediente nº 39.998/220) dentro dos prazos correspondentes, previo o preceptivo informe ao efecto, publicado nos diarios e boletíns oficiais correspondentes; publicacións que se atopan accesibles nos seguintes enlaces:

[-https://boppo.depo.gal/web/boppo/detalle/-/boppo/2022/09/23/2022059704](https://boppo.depo.gal/web/boppo/detalle/-/boppo/2022/09/23/2022059704)  
[-https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20221014/AnuncioL257-220922-0002\\_es.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20221014/AnuncioL257-220922-0002_es.html)

**3.-** En data 28/10/2022 foi solicitada a emisión de informe complementario á adxudicataria, ao ter sido verificada a documentación municipal de relevancia no proceso de estabilización, remitíndolle informe da técnica de Relacións Laborais, xuntamente coas resolucións xudiciais firmes dictadas respecto da totalidade das persoas alegantes aos acordos aprobatorios da OEP de estabilización.

En informe da adxudicataria indícase o seguinte (**NOTA:** anonimízanse os datos persoais, en garantía de dereitos fundamentais):

*“Polo Concello de Vigo requírese unha serie de aclaracións respecto da denominación de diversas prazas contempladas na OPE de estabilización de emprego temporal, en relación coas alegacións presentadas ao acordo da Xunta de Goberno Local de data 31 de maio do 2022, de aprobación da oferta de emprego público de estabilización (expediente electrónico nº 39.998/220).*

*Examinada a documentación entregada a esta parte, teño a ben emitir o seguinte*  
**INFORME**

**PRIMEIRO.-** *Sobre a praza que vén sendo ocupada por D. V. Pereiras Bermejo e que se contempla en OPE coa denominación de “Auxiliar administrativo/a”. No informe emitido pola Técnica Media de RLL, de data 18/04/2022, sobre as categorías existentes no Concello de Vigo, en execución de sentencias xudiciais de declaración de persoal laboral indefinido, consta a referida praza coa seguinte categoría: Auxiliar administrativo.*

*Na Sentenza nº 130/2010 ditada polo Xulgado do Social nº 5 de Vigo en data 22/02/2010, pola que se declara á referida traballadora como persoal laboral*





## Concello de Vigo

*indefinido, consta como feitos probados: “D. V. Pereiras Bermejo, maior de idade y con DNI 78.737.463, ha venido prestando servicios por cuenta del Concello de Vigo desde el día 1-8- 2008, con la categoría profesional de auxiliar administrativa, en virtud de contrato de trabajo de duración determinada, a tiempo completo, por obra o servicio determinado...”*

*Na Sentenza nº 423/2017 ditada polo Xulgado do Social nº 4 de Vigo en data 1/09/2017, ratificada polo TSXG (18-08-2018), consta como feitos probados: “Primero.- La demandante D.V. PEREIRAS BERMEJO maior de idade, viene prestando servicios para el CONCELLO DE VIGO, desde el día 01-08-08, con la categoría profesional de auxiliar administrativo y un salario diario de 1.994,98 euros incluído prorrateo de pagas extraordinarias, a jornada completa.”*

*No informe emitido pola Técnica Media de RRL en data 28/10/2022 se indica que o posto de traballo correspondente á referida praza, figura na vixente RPT municipal coa seguinte denominación: Auxiliar administrativo.*

*Á vista do anteriormente exposto, cómpre considerar que non se aprecia motivo técnico ou legal que xustifique unha modificación da denominación da referida praza, contemplada na OPE de estabilización de emprego temporal coa denominación de “Auxiliar administrativo/a”.*

**SEGUNDO.-** *Sobre a praza que vén sendo ocupada por D. I. Álvarez Outeiro e que se contempla en OPE coa denominación de “Diplomado/a en traballo social”.*

*No informe emitido pola Técnica Media de RRL, de data 18/04/2022, sobre as categorías existentes no Concello de Vigo, en execución de sentencias xudiciais de declaración de persoal laboral indefinido, consta a referida praza coa seguinte categoría: Diplomada en traballo social.*

*Na Sentenza ditada polo TSX de Galicia en data 17/03/2011 (recurso suplicación nº 4765/2010), consta como feitos probados: “Segundo.- D. I. Alvarez Outeiro ha prestado servicios para el Ayuntamiento de Vigo desde el 12.05.2008 hasta el 30.04.2010, con la categoría de trabajadora social, y salario de 3.139,89 €, con prorrata de pagas extras.”*

*No informe emitido pola Técnica Media de RRL en data 28/10/2022 se indica que o posto de traballo correspondente á referida praza, figura na vixente RPT municipal coa seguinte denominación: Diplomado/a traballos sociais.*

*Á vista do anteriormente exposto, cómpre considerar que non se aprecia motivo técnico ou legal que xustifique unha modificación da denominación da referida praza, contemplada na OPE de estabilización de emprego temporal coa denominación de “Diplomado/a en traballo social”.*

**TERCEIRO.-** Sobre a praza que vén sendo ocupada por D. L. A. Riobó Veiga e que se contempla en OPE coa denominación de “Licenciado/a en Dereito”.

No informe emitido pola Técnica Media de RLL, de data 18/04/2022, sobre as categorías existentes no Concello de Vigo, en execución de sentencias xudiciais de declaración de persoal laboral indefinido, consta a referida praza coa seguinte categoría: Licenciado en Dereito.

Na Sentenza ditada polo TSX de Galicia en data 17/03/2011 (recurso suplicación nº 4765/2010), consta como feitos probados: “Primero.- D. L. A. Riobó Veiga ha prestado servicios para el Ayuntamiento de Vigo desde el 12.05.2008 hasta el 30.04.2010, con la categoría de Licenciado en derecho, y salario de 3.693,04 €, con prorrata de pagas extras.”

No informe emitido pola Técnica Media de RLL en data 28/10/2022 se indica que o posto de traballo correspondente á referida praza, figura na vixente RPT municipal coa seguinte denominación: Licenciado en Dereito.

Á vista do anteriormente exposto, cómpre considerar que non se aprecia motivo técnico ou legal que xustifique unha modificación da denominación da referida praza, contemplada na OPE de estabilización de emprego temporal coa denominación de “Licenciado en Dereito.”

**CUARTO.-** Sobre a praza que vén sendo ocupada por D. S. Martínez Alonso e que se contempla en OPE coa denominación de “Titulado/a Medio”.

No informe emitido pola Técnica Media de RLL, de data 18/04/2022, sobre as categorías existentes no Concello de Vigo, en execución de sentencias xudiciais de declaración de persoal laboral indefinido, consta a referida praza coa seguinte categoría: Titulada Media.

Na Sentenza nº 718/2010 ditada polo Xulgado do Social nº 3 de Vigo en data 1/12/2010, ratificada polo TSXG (26-07-2013), consta como feitos probados: “Primero.- La demandante D. S. M. Martínez Alonso cuyas circunstancias personales constan en el encabezamiento de la demanda, ha prestado servicios para el Ayuntamiento de Vigo, desde el 1.02.2007, con la categoría profesional de técnico medio, con un salario de 1.897,78 €.”

Na Sentenza nº 511/2011 ditada polo Xulgado do Social nº 3 de Vigo en data 17/10/2011, ratificada polo TSXG (17-05-2012), consta como feitos probados: “PRIMERO.- La actora, D. S., mayor de edad, con D.N.I. 36.126.223-P, ha venido prestando servicios por cuenta del Ayuntamiento demandado, incluida en el grupo profesional de técnico medio, percibiendo un salario mensual de 1.912,75 €, de conformidad con lo previsto por el Acuerdo Marco de Regulación de las Condiciones sociolaborales efectuadas en el marco del Plan Municipal de Empleo.”



## Concello de Vigo

*No informe emitido pola Técnica Media de RRL en data 28/10/2022 se indica que o posto de traballo correspondente á referida praza, figura na vixente RPT municipal coa seguinte denominación: Técnico Medio.*

*Á vista do anteriormente exposto, pode interpretarse que “Titulado/a Medio” e “Técnico/a Medio” son termos sinónimos e/ou equivalentes.*

*Non obstante, visto que o correspondente posto de traballo se contempla na vixente RPT co termo de “Técnico Medio”, co obxecto de manter unha coherencia entre ambos instrumentos (RPT e OPE), procedería corrixir a denominación contemplada para a referida praza na OPE de estabilización de emprego temporal, modificando a denominación de “Titulado/a Medio” pola de “Técnico/a Medio”.*

*É o que se informa, sen prexuízo de mellor criterio fundado en dereito.”*

#### **4.- MOTIVACIÓN TÉCNICA E XURÍDICA: INFORMES EMITIDOS**

Aválase pola funcionaria suscribinte a motivación e razoamento xurídicos contidos no informe da adxudicataria de data 29/12/2022, baseada no teor literal do fallo das resolucións xudiciais firmes declarativas da indefinición do vínculo contractual laboral referenciadas no informe emitido, así como obrantes ao presente expediente de rectificación de erros; incorporándose ao presente expediente electrónico o informe técnico de relacións laborais, emitido por funcionaria competente ao efecto, consonte ao principio de especialidade técnica inherente á condición de persoal funcionario de carreira que pertencen á escala de Administración Especial, consonte ao establecido nos artigos 169 a 172 do Real Decreto legislativo 781/1986, do 18 de novembro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Adicionalmente, déixase constancia expresa da aprobación, en acordo da Xunta de Goberno local de 7 de xullo do 2022 (BOPPO nº 188, de data 30 de setembro do 2022) da Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, á cal se remite o informe da técnica media de Relacións Laborais de data 28/10/2022 e o propio informe da adxudicataria, respecto da denominación do posto de traballo asociado á praza incorporada na OEP de estabilización como “titulado/a medio”, e cuxa rectificación nominativa á denominación “técnico/a medio”, se ten informado favorablemente, como consta no informe transcrito.

A publicación oficial á vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo atópase dispoñible no seguinte enlace:

[-https://boppo.depo.gal/detalle/-/boppo/2022/09/30](https://boppo.depo.gal/detalle/-/boppo/2022/09/30)

#### **5.- SOBRE A RECTIFICACIÓN DE ERROS NOS ACTOS E ACORDOS DICTADOS POLAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS**

Segundo o establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos; procedendo, á vista dos informes emitidos e da documentación que obra incorporada ao expediente, a corrección do erro detectado nos acordos seguintes:

- acordo da Xunta de Goberno Local aprobatorio da oferta de emprego público de estabilización do emprego temporal no Concello de Vigo, de 31 de maio do 2022 (expediente electrónico nº 39.998/220) de xeito que onde di “titulado medio/a” debe dicir “técnico/a medio”;
- acordo da Xunta de Goberno Local resolvendo as alegacións presentadas á oferta de emprego público de estabilización do emprego temporal no Concello de Vigo, de 15 de setembro do 2022 (expediente electrónico nº 39.998/220) e xeito que onde di “titulado/a medio” debe dicir “técnico/a medio”.

Mantendo os restantes extremos dos acordos referenciados, e dispoñendo a preceptiva publicación normativamente establecida.

## **6.- SOMETEMENTO A FISCALIZACIÓN PREVIA E PRECEPTIVA**

– A aprobación da Oferta de Emprego de Estabilización do Concello de Vigo foi sometido a fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

*“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.*

*2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:*

*a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.*

*b) La intervención formal de la ordenación del pago.*



## Concello de Vigo

*c) La intervención material del pago.*

*d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”*

Non desprendéndose dos erros a corrixir, concretados na corrección da denominación de 1 praza, ningún posible gasto presente nin futuro, non se estima procedente nin necesaria a remisión á Intervención Xeral Municipal do presente expediente de rectificación de erros.

### **5.- COMPETENCIA DO ÓRGANO E PROPOSTA DE ACORDO:**

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127.1, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, corresponde á Xunta de Goberno Local a aprobación das ofertas de emprego público, e, conseguintemente, a rectificación de erros nos seus propios actos.

En consecuencia, coa conformidade da Concelleira-delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal (delegacións competenciais contidas en Decretos da Excma. Alcaldía do 16/04/2021 e 06/09/2022 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/04/2021) e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, sométese á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

**“PRIMEIRO.-** Rectificar, ao abeiro do establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, o erro detectado no acordo da Xunta de Goberno Local de data 31 de maio do 2022 (expediente electrónico nº 39.998/220) consonte aos informes emitidos no presente expediente e á documentación anexa, de xeito que onde di “titulado/a medio” debe dicir “técnico/a medio”, mantendo os restantes extremos do acordo referenciado.

**SEGUNDO.-** Rectificar, ao abeiro do establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, no acordo da Xunta de Goberno Local resolvendo as alegacións presentadas á oferta de emprego público de estabilización do emprego temporal no Concello de Vigo, de 15 de setembro do 2022 (expediente electrónico nº 39.998/220) consonte aos informes emitidos no presente expediente e á documentación anexa, de xeito que onde di “titulado/a medio” debe dicir “técnico/a medio”, mantendo os restantes extremos do acordo referenciado.

**TERCEIRO.-** Dispoñer a preceptiva publicación oficial normativamente establecida, en garantía do público coñecemento do presente acordo.

**CUARTO.-** Notificar o presente acordo ás persoas alegantes ao acordo da Xunta de Goberno Local de data 31 de maio do 2022, aprobatorio da oferta de emprego público de estabilización do emprego temporal no Concello de Vigo.

**QUINTO-** Indicar que contra o presente acordo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **12(77).- DAR CONTA DA TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE “RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO NA RÚA VISTA DO MAR, TRAMO DENDE O Nº 11 ATA O Nº 88”. EXPTE.1230/441.**

Dáse conta do informe-proposta de data 24/01/2023, asinado polo técnico de administración xeral, o xefe do servizo xurídico de Servizos Xerais e o concelleiro delegado de Área, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES DE FEITO**

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 30 de decembro de 2020, acordou a prórroga, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2025, da concesión administrativa da “Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo”, outorgada polo Pleno da Corporación Municipal o 25/10/1990, á U.T.E. “SERAGUA-FOCSA VIGO”, hoxe denominada, abreviadamente “FCC Aqualia Vigo UTE”, con arranxo ás condicións económico-administrativas establecidas na cláusula primeira do contrato.

II.- A devandita prórroga do contrato de concesión do servizo de «Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo» vinculouse á execución e financiamento dun plan de investimentos, no período da prórroga, por importe de 40.471.411,63 € —ou a cantidade que resulte segundo a evolución do custe financeiro e da activación dos desembolsos— nas contías e prazos de execución indicados no informe económico de data 28.12.2020

III.- A Xunta de Goberno Local en sesión de 05.01.2023 acordou:

**Primeiro.-** Aprobar o proxecto técnico de “**RENOVACIÓN DÁS REDES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO NA RÚA VISTA DO MAR DENDE o Nº 11 ATA o Nº 88**” , redactado polo Enxeñeiro Industrial Casimiro Fontenla Bugallo cun orzamento de



## Concello de Vigo

execución material de OITENTA E SETE MIL NOVECENTOS CORENTA E SETE EUROS CON NOVENTA E CATRO CÉNTIMOS (87.947,94 EUROS), e un orzamento de execución por Contrata que inclúe o 13% de Gastos Xerais, o 6% de Beneficio Industrial e o 21% de IVE de: CENTO VINTE E SEIS MIL SEISCENTOS TRINTA E SEIS EUROS CON VINTE E CATRO CÉNTIMOS (126.636,24 EUROS), o proxecto dispón de sinatura dixital de data 14/10/2022.

**Segundo.-** Aprobar os custes asociados ao proxecto de “RENOVACIÓN DÁS REDES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO NA RÚA VISTA DO MAR DENDE o Nº 11 ATA o Nº 88” ” por un importe de 4.393 €, (IVE excluído) desagregado do seguinte xeito:

TRABALLO	COLABORADOR	HONORARIOS
Redacción de proxecto	ESINPRO	1.758,96 €
Asistencia técnica á D.O.	ESINPRO	1.758,96 €
Coordinación de seguridade e saúde	SEGURINCO	439,74 €
	SUMA	3.957,66 €
	11% Gastos de Xestión	435,34 €
	TOTAL (IVE excluído)	4.393,00 €

**Terceiro.-** Designar como dirección facultativa da obra ao Xefe da Unidade de Implantación de Servizos na Vía Pública, D. Jorge Muñoz Rama e ao Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Xacobe Paz Saldado.

IV.- Con data 18 de xaneiro de 2023 Aqualia-FCC Vigo presenta a documentación referida ás características do contrato da obra. En concreto:

- Código do proxecto: Expte. 1.230/441
- Nome e razón social do adxudicatario: AQUALIA INTECH, S.A.
- NIF: A28849495
- Presuposto de execución material: 87.947,94 €
- Presuposto de contrata: 104.658,05 (IVA excluído).
- Prazo de execución: 6 semanas.
- Data inicio obra: o día da firma de comprobación de replanteo.
- Clasificación do contratista: *Non se esixe*
- Prazo de garantía: 2 anos.
- Asistencia técnica: ESIMPRO
- Coordinación de Seguridade e Saúde: SEGURINCO.

### CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

**I.** A execución do proxecto de obras, obxecto do presente expediente, será realizada pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, como actuación do plan de investimentos aprobado para a segunda prórroga do contrato, arriba referida, e, daquela, non será obxecto dun específico procedemento de contratación.

**II.-** Co fin de que os mecanismos de control, vixilancia, fiscalización e seguemento das obras inherentes aos distintos Plans de Investimentos da concesión se instrumentasen a través de medidas que garantan a consecución dun nivel adecuado de eficacia na súa execución e de eficiencia na xestión dos recursos económicos comprometidos, a Xunta de Goberno Local, en sesión de 8 de marzo de 2013, aprobou a ordenación do procedemento de contratación a seguir nas obras do plan de investimentos de FCC Aqualia Vigo, UTE (por acordo de XGL de data 06.05.21 procedeuse a adaptación legal do mesmo). No mesmo contemplase os gastos repercutibles á Administración coa súa imputación ao plan de investimentos; gastos que son obxecto da presente proposta de aprobación e que foron revisados e informados polos enxeñeiros de camiños, canais e portos municipais, que emitiron o informe que precede.

**III.-** Recóllese no devandito procedemento de ordenación procedemento de contratación a seguir nas obras do plan de investimentos a necesidade de dar conta pola entidade concesionaria á Xunta de Goberno Local dos datos consignados no punto III.c do procedemento, que son os que se reflicten nos antecedentes.

**IV.-** O proxecto, segundo vai dito, executarase pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, en cumprimento do plan de inversións correspondente a segunda prórroga do contrato de xestión de servizo público, en forma de concesión, da “Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo”, outorgada polo Pleno da Corporación Municipal o 25/10/1990. A aprobación dos costes asociados ao proxecto de obra corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local e de conformidade, tamén, co establecido no procedemento a seguir para a execución das obras incluídas nos Plans de Investimentos da Concesión, aprobado pola Xunta de Goberno Local en acordo de 8 de marzo de 2013.

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:





## Concello de Vigo

### **ACORDO**

**PRIMEIRO.-** Quedar enteirada da tramitación do seguinte expediente “**RENOVACIÓN DÁS REDES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO NA RÚA VISTA DO MAR DENDE o N° 11 ATA o N° 88**” cos datos requeridos no apartado III.c do Acordo da Xunta de Goberno de data 08.03.2021 (adaptado en XGL de 06.05.2021) que aproba o procedemento a seguir nas obra do plan de Inversións de Aqualia, según o seguinte detalle:

- Código do proxecto: Expte. 1.230/441
- Nome e razón social do adxudicatario: AQUALIA INTECH, S.A.
- NIF: A28849495
- Presuposto de execución material: 87.947,94 €
- Presuposto de contrata: 104.658,05 (IVA excluído).
- Prazo de execución: 6 semanas.
- Data inicio obra: o día da firma de comprobación de replanteo.
- Clasificación do contratista: *Non se esixe*
- Prazo de garantía: 2 anos.
- Asistencia técnica: ESIMPRO
- Coordinación de Seguridade e Saúde: SEGURINCO.

**SEGUNDO-** Notifíquese o presente acordo a FCC AQUALIA VIGO UTE, indicando que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnaloo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**13(78).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE “RENOVACIÓN DA CAPA DE RODADURA E DISTINTAS VÍAS MUNICIPAIS EN ZONA RURAL DAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO. LOTE LESTE.” EXPTE. 5900/443.**

Visto o informe de intervención do 06/02/2023, dáse conta do informe-proposta da mesma data asinado polo técnico de administración xeral, polo xefe do servizo de Vías e Obras e Infraestruturas e o concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES DE FEITO**

**I.-** En data 24 de outubro de 2022 o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos, resolve adxudicar á empresa Galaicontrol, S.L., e autorizar o gasto para a redacción do proxecto de “Renovación da capa de rodadura en distintas vías municipais en zona rural das parroquias do Concello de Vigo”, trala fase de supervisión do borrador presentado, proxecto de “RENOVACIÓN DA CAPA DE RODADURA EN DISTINTAS VÍAS MUNICIPAIS EN ZONA RURAL DAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO. LOTE LESTE”, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos Dña. M<sup>a</sup> Trinidad López Rodríguez, cun orzamento base de licitación máis IVE de SEISCENTOS SETENTA E TRES MIL CENTO NOVENTA E CINCO EUROS CON CINCUENTA E NOVE CÉNTIMOS (673.195,59 €), con data novembro de 2022 e asinado dixital en data 18 de xaneiro de 2023.

**II.-** O Concelleiro Delegado da Área de Fomento, a proposta do Técnico de Administración Xeral, en data 24 de xaneiro de 2023 resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

**III.-** As obras incluídas no proxecto se encadran dentro dunha serie de actuacións de rehabilitación de firmes en distintas áreas consolidadas do Concello de Vigo, tendo en conta os criterios marcados pola Norma IC-6.3 Rehabilitación de firmes.

A actuación comprende toda a lonxitude dos viais, tanto carrís de circulación como en zonas de aparcamento. O obxectivo primordial é o de aglomerado na sección existente, non modificando trazado, nin aliñacións en ningún momento.

As parroquias onde se van a levar a cabo os traballos enuméranse a continuación; Cabral, Teis, Lavadores, Sampaio, Bembrive, Candeán e San Xoán.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de 4 meses.

**IV.-** Consta no expediente administrativo de referencia, informe da Xefa do Servizo de Patrimonio Histórico do Concello de Vigo de data 30 de xaneiro de 2023 onde informa que as obras de proxectadas atópanse FÓRA da área de protección arqueolóxica, arquitectónica e etnográfica, polo que, dende o ámbito do patrimonio histórico.

**V.-** A Enxeñeira Técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emite en data 3 de febreiro de 2023 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

O planeamento vixente, Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo, aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 29.04.1993, coas súas modificacións puntuais, así como o Instrumento de Ordenación Provisional (IOP) e a Revisión de Plan Xeral de Ordenación Municipal coa aprobación inicial, que conforman o planeamento vixente na actualidade no Concello de Vigo, nesta documentación se clasifica urbanisticamente o solo da actuación como: Sistema viario.

Tamén se analizan as posibles afeccións a outros organismos:



## Concello de Vigo

- Non se detectaron no ámbito afeccións a: zonas de protección do Patrimonio cultural, nin proximidade a leitos fluviais.

- Con respecto á afección de Espazos Naturais, o ámbito non se encontra dentro de: Red Natura 2000, ni R. Galega Espazos Protexidos, nin en Outros Espazos protexidos, nin Reservas da Biosfera.

Algúns vias se encontran dentro da zona de influencia do Dominio Público Marítimo Terrestre (DPMT), non obstante, polo carácter e ámbito das obras, que se delimitan exclusivamente á plataforma da carreteira, no dominio público viario titularidade do Concello, unicamente a nivel superficial, renovando a pavimentación do firme existente, nun viario completamente consolidado NON se fan necesarias autorizacións derivadas da normativa sectorial aplicable, conforme o artigo 20 Informes sectoriais da Lei 8/2013, de 28 de xuño de carreteras de Galicia.

Do mesmo modo non se dan as circunstancias previstas no Artigo 21. Información pública e informe das administracións afectadas da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de carreteras de Galicia por non tratarse dunha nova carreteira nin dunha modificación sustancial da carreteira que afecte de maneira significativa o planeamento urbanístico municipal de acordo os supostos previstos en dito artigo.

### CONCLUSIÓN:

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola "Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014" (en adiante, LCSP) e polo "Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro", polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.

### CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP, e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de

fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto de **“RENOVACIÓN DA CAPA DE RODADURA EN DISTINTAS VÍAS MUNICIPAIS EN ZONA RURAL DAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO. LOTE LESTE”**, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos Dña. M<sup>a</sup> Trinidad López Rodríguez, cun orzamento base de licitación máis IVE de SEISCENTOS SETENTA E TRES MIL CENTO NOVENTA E CINCO EUROS CON CINCUENTA E NOVE CÉNTIMOS (673.195,59 €), con data novembro de 2022 e asinado dixital en data 18 de xaneiro de 2023.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **14(79).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE “RENOVACIÓN DA CAPA DE RODADURA E DISTINTAS VÍAS MUNICIPAIS EN ZONA RURAL DAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO. LOTE OESTE.” EXPTE. 5901/443.**

Dáse conta do informe-proposta de data 06/02/2023, asinado polo técnico de administración xeral, polo xefe do servizo de Vías e Obras e Infraestruturas e o concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES DE FEITO**

I.- En data 24 de outubro de 2022 o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos, resolve adxudicar á empresa Galaicontrol, S.L., e autorizar o gasto para a redacción do proxecto de “Renovación da capa de rodadura en distintas vías municipais en zona rural das parroquias do Concello de Vigo”, trala fase de supervisión do borrador presentado, proxecto de “RENOVACIÓN DA CAPA DE RODADURA EN DISTINTAS VÍAS MUNICIPAIS EN ZONA RURAL DAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO. LOTE OESTE”, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos Dña. M<sup>a</sup> Trinidad López Rodríguez, cun orzamento base de licitación máis IVE de SEISCENTOS ONCE MIL CATROCENTOS TRINTA E SEIS EUROS CON CINCUENTA E UN CÉNTIMOS (611.436,51 €), con data novembro de 2022 e asinado dixital en data 19 de xaneiro de 2023.

II.- O Concelleiro Delegado da Área de Fomento, a proposta do Técnico de Administración Xeral, en data 24 de xaneiro de 2023 resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.



## Concello de Vigo

III.- As obras incluídas no proxecto se encadran dentro dunha serie de actuacións de rehabilitación de firmes en distintas áreas consolidadas do Concello de Vigo, tendo en conta os criterios marcados pola Norma IC-6.3 Rehabilitación de firmes.

A actuación comprende toda a lonxitude dos viais, tanto carrís de circulación como en zonas de aparcamento. O obxectivo primordial é o de aglomerado na sección existente, non modificando trazado, nin aliñacións en ningún momento.

As parroquias onde se van a levar a cabo os traballos enuméranse a continuación; Castrelos, Beade, Salgueira, Oia, Coruxo, Alcabre, Navia e Saiáns.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de 4 meses.

IV.- Consta no expediente administrativo de referencia, informe da Xefa do Servizo de Patrimonio Histórico do Concello de Vigo de data 30 de xaneiro de 2023 onde informa que as obras de proxectadas atópanse FÓRA da área de protección arqueolóxica, arquitectónica e etnográfica, polo que, dende o ámbito do patrimonio histórico.

V.- A Enxeñeira Técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emite en data 3 de febreiro de 2023 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

O planeamento vixente, Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo, aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 29.04.1993, coas súas modificacións puntuais, así como o Instrumento de Ordenación Provisional (IOP) e a Revisión de Plan Xeral de Ordenación Municipal coa aprobación inicial, que conforman o planeamento vixente na actualidade no Concello de Vigo, nesta documentación se clasifica urbanísticamente o solo da actuación como: Sistema viario.

Tamén se analizan as posibles afeccións a outros organismos:

- Non se detectaron no ámbito afeccións a: zonas de protección do Patrimonio cultural, nin proximidade a leitos fluviais.

- Con respecto á afección de Espazos Naturais, o ámbito non se encontra dentro de: Red Natura 2000, ni R. Galega Espazos Protexidos, nin en Outros Espazos protexidos, nin Reservas da Biosfera.

Algúns viais se encontran dentro da zona de influencia do Dominio Público Marítimo Terrestre (DPMT), non obstante, polo carácter e ámbito das obras, que se delimitan exclusivamente á plataforma da carreteira, no dominio público viario titularidade do Concello, unicamente a nivel superficial, renovando a pavimentación do firme existente, nun viario completamente consolidado NON se fan necesarias autorizacións derivadas da normativa sectorial aplicable, conforme o artigo 20 Informes sectoriais da Lei 8/2013, de 28 de xuño de carreteiras de Galicia.

Do mesmo modo non se dan as circunstancias previstas no Artigo 21. Información pública e informe das administracións afectadas da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de carreteiras de Galicia por non tratarse dunha nova carreteira nin dunha modificación sustancial da carreteira que afecte de maneira significativa o planeamento urbanístico municipal de acordo os supostos previstos en dito artigo.

## CONCLUSIÓN:

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.

## CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).



## Concello de Vigo

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

### ACORDO

Aprobar o proxecto de “RENOVACIÓN DA CAPA DE RODADURA EN DISTINTAS VÍAS MUNICIPAIS EN ZONA RURAL DAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO. LOTE OESTE”, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos Dña. M<sup>a</sup> Trinidad López Rodríguez, cun orzamento base de licitación máis IVE de SEISCENTOS ONCE MIL CATROCENTOS TRINTA E SEIS EUROS CON CINCUENTA E UN CÉNTIMOS (611.436,51 €), con data novembro de 2022 e asinado dixital en data 19 de xaneiro de 2023.

### ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **15(80).- RECEPCIÓN PARCIAL DA 2ª FASE DA U.A. 14 PEDREIRA, SAN MIGUEL DE OIA. EXPTE. 5271/401.**

Dáse conta do informe-proposta de data 26/01/2023, asinado pola técnica de administración xeral, pola xefa da Área de Desenvolvemento Urbanístico e polo xerente de Urbanismo, que di o seguinte:

#### I.- ANTECEDENTES E FEITOS

Con data do 23.12.1995, o Pleno do Concello de Vigo, acordou , entre outros pronunciamentos, aprobar definitivamente o Estudo de Detalle da «U.A. 14 Pedreira», redactado por D. Jaime Riera Nieves, coa opción viaria sinalada no informe de tráfico e reflectida nos planos visados o 24.11.1995 -BOP nº. 27, do 07.02.1996 (Exp. 3166/411).

Con data do 17.09.1998 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo acordou aprobar definitivamente os Estatutos e Bases de Actuación da Xunta de Compensación (XC) do dito polígono (DOG 102, do 29.05.1998), que se constituíu mediante escritura pública outorgada perante o Notario de Vigo, D<sup>a</sup>. Palmira Delgado Martín, ao número 616 do seu protocolo e resultou inscrita no Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras mediante Resolución do Director Xeral de Urbanismo da Xunta de Galicia do 27.03.2000.

O Proxecto de Expropiación por taxación conxunta dos propietarios non incorporados, foi aprobado definitivamente o día 12.03.2002 polo Director Xeral de Urbanismo (exp. 120/413).

A Xunta de Goberno local do Concello de Vigo, en sesión do 20.09.2004, acordou aprobar definitivamente o Proxecto de Compensación do devandito polígono, aprobado pola Xunta de

Compensación en asemblea celebrada o 18.06.2004 e redactado polo arquitecto, D. Jaime Riera Nieves (exp.4529/401).; Con posterioridade, con data do 31.10.2005, a Xunta de Goberno local , en sesión ordinaria, acordou a rectificación e aclaración do Contido do proxecto de Compensación.

Con data do 09.07.2007, a Xunta de Goberno local do Concello de Vigo acordou, entre outros pronunciamentos “Aprobar definitivamente o proxecto de urbanización da U.A 14 PEDREIRA” elaborado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos, D. Alberto Moreno García, na súa última versión con memoria e planos visados polo Colexio Oficial correspondente(Exp. 4510/401).

O día 14.08.2007, D. José Luis Barros Rial presentou no Rexistro xeral da XMU (doc. 70092526) xustificante do aval de Caixanova do 14.08.2007, co número de operación 200700048304, constituído en garantía da execución das obras de urbanización.

Logo da preceptiva tramitación, con data do 31.10.2013 a Xunta de goberno local do Concello de Vigo, en sesión ordinaria, adoptou o seguinte acordo: *PRIMEIRO: Recibir parcialmente as obras de urbanización da «U.A. 14 Pedreira», segundo o Proxecto de Urbanización definitivamente aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 09.07.2007 e elaborado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos, D. Alberto Moreno García, na última versión con memoria e planos visados polo Colexio Oficial correspondente, de conformidade co informe do Director Adxunto dos Servizos Técnicos do día 23.10.2013.*

Así as cousas, con data do 06.04.2021, ten entrada no rexistro xeral desta XMU, un escrito da promotora da presente actuación “Promociones Luis Barros, SL” polo que solicita a recepción parcial da 2ª fase da UA 14 PEDREIRA.

Obran no expediente electrónico de razón, a emisión dos seguintes informes- de carácter favorable- das compañías prestadoras de servizos e dos departamentos municipais con competencias na materia:

- Aqualia, Unión Fenosa, Gas Natural, R Cable e Telefonía, e informe dos seguintes departamentos municipais: Montes, Parques e Xardíns, Electromecánicos, limpeza e OSPIO.

Finalmente, con data do 16.12.2022 o enxeñeiro Técnico de Obras Públicas adscrito á oficina de urbanización e infraestruturas desta XMU, emite informe técnico favorable a presente proposta de recepción parcial, do seguinte teor literal,

*“(..)Con fecha 06/04/2021 ( N° Doc 21005436 ) Promociones Luis Barros SL, promotora de las obras de la Unidad de Actuación 14 PEDREIRA, solicita la recepción parcial de 2ª fase de las obras de urbanización.*

*La ejecución de estas obras se ha desarrollado según el Proyecto de Urbanización de la U.A. 14 PEDREIRA ( Exp – 4510/401 ) aprobado definitivamente por acuerdo de la Junta de Gobierno Local de fecha 09/07/07.*





## Concello de Vigo

*De conformidade con a instrución 1/2015 por a que se modifica a instrución 2/2012 y se aprueba el Protocolo de actuación para el seguimiento y recepción de las obras de urbanización de iniciativa privada en el Concello de Vigo ( Exp – 255/403 ), en este expediente se incluye Informe de la Dirección Facultativa de fecha 03/03/2021, reportaje fotográfico, Informe del Control de Calidad, Acta de Recepción de estas obras por la Junta de Compensación, y Planos definitivos de final de obra.*

*Dentro del Proyecto de Compensación ( Exp – 4529/401 ), existe copia del Documento notarial de formalización de las cesiones obligatorias al Concello.*

*Existen informes favorables de las compañías suministradoras de servicios urbanísticos AQUALIA, UNION-FENOSA, GAS NATURAL, R CABLE Y TELEFONICA.*

*Obran también en el expediente que se informa, informes favorables de los departamentos municipales habituales, Montes, Parques y Jardines, Electromecánicos, Limpieza y OSPIO*

*Por lo tanto desde el punto de vista urbanístico no existe inconveniente en acceder a lo solicitado, dado que la zona constituye un área funcional independiente susceptible de su uso público (..)”*

### FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

#### I. Normativa examinada.

- RD Lex. 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da LSG, e as súas modificacións,
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do sector público, polo que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- R.D.1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Admóns. Públicas.
- R.D.817/2009, do 8 de maio, polo que se aproba o Regulamento parcial da LCSP.
- Instrución 1/2015 pola que se modifica a Instrución 2/2012 e se aproba o Protocolo de actuación para o seguimento e recepción das obras de urbanización do Concello de Vigo (aprobada pola Xunta de Goberno Local o 22.10.2015, B.O.P nº 223, do 18.11.2015)
- PXOU-93. Expediente de subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 á LASGA (Lei 11/85, de 22 de agosto de adaptación do solo a Galicia. A aprobación definitiva de dito PXOU 1993 foi publicada no DOG nº 87 o día 10/05/1993 e a súa normativa foi publicada no B.O.P nº 133, o 14 de xullo de 1993.
- Estatutos da XMU (A.D. versión refundida e consolidada Pleno do Concello de día

06.09.2010, BOP nº. 193, de día 06.10.2010)

- O resto de disposicións que poidan afectar,

## II. Recepción parcial das obras de urbanización.

De conformidade co disposto no artigo 96 da LSG, os proxectos de urbanización son proxectos de obras que teñen por finalidade executar os servizos e dotacións establecidos no planeamento e non poderán modificar as previsión do planeamento que desenrolan, sen prexuízo de que podan efectuar as adaptacións exixidas pola execución material das obras, respectando, en todo caso, as condicións de accesibilidade.

No mesmo senso, o artigo 7.4, segundo parágrafo, do TRLS, establece que a terminación das actuacións de urbanización producírase cando conclúan as obras urbanizadoras de conformidade cos instrumentos que as lexitiman, téndose cumpridos os deberes e levantado as cargas correspondentes.

No presente caso, as obras urbanizadoras de carácter parcial, correspondentes á 2ª fase da U.A.- 14 PEDREIRA SAN MIGUEL DE OIA , foron executadas pola promotora, do xeito e co resultado que se reflicte no relato de feitos, e consonte ao exposto no informe do enxeñeiro de obra civil desta XMU de data 16.12.2022, no que se propón a Recepción Parcial das devanditas obras, ao sinalar, a este respecto, que dende un punto de vista urbanístico, non existe inconveniente en acceder ao peticiónado, dado que a zona constitúe unha área funcional independente susceptible do seu uso público.

A posibilidade de recepción parciais das obras urbanizadoras recoñécese, no artigo 243 da vixente Lei de contratos do sector público -LCSP 09/2017- para aquelas partes de obras susceptibles de ser executadas por fases que podan ser entregadas ao uso público.

Pola súa banda, o punto terceiro, da instrución 1/2015 (exp. 255/403) relativa á modificación da instrución 2/2012 pola que se aproba o Protocolo de actuación para o seguimento e recepción das obras de urbanización de ámbitos de iniciativa privada no Concello de Vigo (exp. 130/403) permite excepcionalmente a recepción parcial da obra urbanizadora no caso de actuacións en execución, extremo que debe ser informado polos técnicos municipais coa debida dilixencia, dada a excepcionalidade deste tipo de recepcións, con estrita observancia do seguinte:

- Que as obras executadas deben ser susceptibles de ser entregadas ao uso público
- Que constitúan unha unidade funcional directamente utilizable e se teñan recibido pola entidade urbanística colaboradora. Deberá existir un nivel mínimo de reserva de solo e execución do equipamento, dos servizos urbanísticos mínimos.
- O acordo de recepción parcial non habilitará en ningún caso para a disolución da entidade urbanística colaboradora nin para a cancelación da obra ou carga real das fincas resultantes de asumir a totalidade dos custes derivados da urbanización.



## Concello de Vigo

- Tampouco será título para a devolución dos avais presentados nin implicará o inicio do cómputo do prazo de garantía pola execución das obras de urbanización. A conservación e preservación do bó funcionamento da urbanización que se vaia a a recibir seguirá sendo responsabilidade da entidade urbanística colaboradora.

Con ocasión da recepción total, comprobarase de novo o estado da parte recibida parcialmente. No caso de que se observen deficiencias na mesma derivadas da execución das obras de urbanización ou polo deficiente estado das mesmas imputable directa ou indirectamente á entidade urbanística colaboradora, requirirase a realización das obras precisas e non se recibirá totalmente a urbanización ata a súa finalización.

Como xa consta en reiterados informes da Oficina de Planeamento – Xestión, a decisión de recibir as obras de urbanización é marcadamente técnica, e no senso exposto, o enxeñeiro técnico de obras públicas proponente, expón a súa conformidade á recepción parcial mediante informe de data 16.12.2022, transcrito na súa literalidade no relato de feitos; Correspondendo aos servizos técnicos acreditar que consta a execución das obras referidas no proxecto de urbanización e que as obras se atopan en estado de ser recibidas. Téñase en contan, asemade, o disposto no punto terceiro da nomeada Instrución 1/2015.

En todo caso, esta recepción parcial, non será título para a devolución dos avais presentados, en garantía do exacto cumprimento da urbanización completa do dito ámbito.

### III. Órgano competente para resolver.

De acordo co disposto no artigo 127.1.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, LRBRL, a competencia correspóndelle á Xunta de Goberno Local a proposta do Consello da XMU

Por canto antecedente, e en base ao informe técnico do enxeñeiro técnico de obra civil, de data 16.12.2022, que se incorpora ao presente expediente, e lle serve de fundamento, consonte ao establecido no artigo 88.6 da LRXAP, PROPONSE á Xunta de Goberno local, o ditado do seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO:** Declarar a recepción parcial da 2ª Fase das obras de urbanización da U.A.- 14 PEDREIRA SAN MIGUEL DE OIA, contidas no proxecto de urbanización aprobado definitivamente pola Xunta de Goberno Local con data do 09 de xullo de 2007, e executadas pola promotora “Promociones Luis Barros, SL”, de conformidade co informe técnico que obra no expediente de data 16.12.2022.

**SEGUNDO:** Notificar o presente acordo, a todos os interesados no presente procedemento, significándolle que contra o mesmo cabe interpoñer, alternativamente, recurso potestativo de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun (1) mes ou recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses, contados desde o seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo do exercicio doutras accións que considere conveniente. No caso de interpoñer recurso potestativo de reposición, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación por silencio administrativo.

TERCEIRO: Dar traslado do presente acordo á oficina de Urbanización e Infraestruturas da XMU, Patrimonio e Contratación, Estadística, Cultura, Parques e Xardíns, Electromecánicos, Servizo de Limpeza, Mobilidade, Transporte e Seguridade, Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección de Obras, Licenza de Obras e ás empresas: Aqualia, Unión Fenosa Distribución, S.A., Telefónica, R Cable e Gas Galicia, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Non obstante, a presente proposta non é vinculante e o órgano resolutorio, decidirá co seu superior criterio o que estime conveniente.

Consta acordo do Consello de Xerencia da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 31/01/2023.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

**.- APROBACIÓN DA PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE VIGO Á PRIMEIRA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS (2022) EN CONCORRENCIA COMPETITIVA DE PROXECTOS DE MELLORA DA EFICIENCIA DO CICLO URBANO DA AUGA (PERTE DIXITALIZACIÓN DO CICLO DA AUGA), NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA. EXPTE 1581/441.**

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

**16(81).- APROBACIÓN DA PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE VIGO Á PRIMEIRA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS (2022) EN CONCORRENCIA COMPETITIVA DE PROXECTOS DE MELLORA DA EFICIENCIA DO CICLO**



## Concello de Vigo

### **URBANO DA AUGA (PERTE DIXITALIZACIÓN DO CICLO DA AUGA), NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA. EXPTE 1581/441.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 08/02/2023, dáse conta do informe-proposta do 08/02/2023, asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, o técnico de Admón. Xeral, o xefe da Área de Investimentos, o xefe do Servizo Xurídico da Área de Servizos Xerais, o concelleiro-delegado de Fomento e Servizos e polo concelleira delegada de Economía e Fondos Europeos, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES:**

1.- A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 17 de febreiro de 2022, no marco do expediente 1185/441, adopto entre outros os seguintes acordos:

- Aprobar, aos efectos de garantir a implementación das medidas que sexan necesarias en relación coa execución dos proxectos vinculados, os fondos do PLAN DE RECUPERACIÓN DE TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA - PROGRAMA NEXT GENERATION EU, a proposta organizativa que se conforma baixo o **PROGRAMA DE COORDINACIÓN MUNICIPAL, PLANIFICACIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DE PROXECTOS FINANCIADOS CON FONDOS PRTR - PROGRAMA NEXT GENERATION EU**, de acordo coa composición e funcións establecidas no apartado II. da proposta de informe.
- Delegar no Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro de Fomento e Servizos a coordinación e desenvolvemento operativo do PROGRAMA MUNICIPAL DE COORDINACIÓN, PLANIFICACIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DE PROXECTOS FINANCIADOS CON FONDOS PRTR - PROGRAMA NEXT GENERATION EU, para o que, contará co apoio do “Comité Técnico de Coordinación e Planificación” que forma parte deste plan, así como o conxunto da estrutura de goberno municipal e as áreas e servizos municipais

